



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de abril de 2021 (1009/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e dous de abril de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(300).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de abril de 2021 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(301).- PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APLICACIÓNS DESENVOLVIDAS INTERNAMENTE PROPIEDAD DO CONCELLO. EXPTE. 9500/113.

Visto o informe xurídico do 07/04/21 e o informe de fiscalización do 16/04/21, dáse conta do informe-proposta do 30/03/21, asinado pola adxunta do xefe do Servizo de Admón. Electrónica, o xefe do Servizo, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes

O contrato para o Servizo de Mantemento de aplicacións desenvolvidas internamente (propiedade do Concello) foi adxudicado mediante procedemento aberto a *IMATIA INNOVATION, S.L.*, por acordo da XGL de 16-04-2020, por un prezo total do contrato de 120.000 euros, incluíndo un IVE de 20.826,45 euros, segundo o seguinte detalle por partidas:

Partida		Exercicio	IVA	Base	Importe
2279902-9207	Mantemento Software	2020	12.148,76 €	57.851,24 €	70.000,00 €
2279900-2310	Estudios e traballos técnicos	2020	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
2279900-9320	Estudos e traballos técnicos	2020	3.471,07 €	16.528,93 €	20.000,00 €
Total			20.826,45 €	99.173,55 €	120.000,00 €

O prazo de execución do contrato remata o 19-05-2021 (12 meses, contados a partir do día seguinte da última sinatura dixital do contrato, realizada o 19-05-2020).

II. Fundamentos de dereito

- O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
- Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que: *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.
 - No apartado 4.C das FEC figura: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha"*.
 - O contratista, manifestou por escrito o día 05-02-2021 o seu interese en proceder coa prórroga mediante o documento co número de rexistro 210019719.
 - Prorrógase segundo os mesmos conceptos e importes
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que *"o pago farase efectivo a mes vencido tras a xustificación das horas empregadas para a realización das tarefas encomendadas"*.
- Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 120.000,00€, dos cales 20.826,45€ corresponden ao IVE.
- Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias en cada exercicio:



Concello de Vigo

Partida		Exercicio	Base	IVE	Importe
9207.2279902	Mantemento Software	2021	43.363,64 €	9.106,36 €	52.470,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2021	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
9320-2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2021	12.421,49 €	2.608,51 €	15.030,00 €
	<i>Total exercicio</i>	2021	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
9207.2279902	Mantemento Software	2022	14.461,98 €	3.037,02 €	17.499,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2022	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
9320-2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2022	4.133,06 €	867,94 €	5.001,00 €
	<i>Total exercicio</i>	2022	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €
	TOTAL PRÓRROGA		99.173,56 €	20.826,44 €	120.000,00 €

5. A empresa IMATIA INNOVATION S.L., no transcurso do período no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento de aplicacións desenvolvidas internamente e propiedade do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

PROPOSTA

1. Autorizar a prórroga do contrato para o Servizo de Mantemento de aplicacións desenvolvidas internamente (propiedade do Concello), expediente 8952-113, polo período dun ano (dende o 20/05/2021 ao 19/05/2022), conforme a LCSP e o apartado 4.C das FEC do PCAP do contrato, á empresa IMATIA INNOVATION S.L.
2. Autorizar o gasto de 120.000,00€ (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Partida		Exercicio	Base	IVE	Importe
9207.2279902	Mantemento Software	2021	43.363,64 €	9.106,36 €	52.470,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2021	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €

9320-2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2021	12.421,49 €	2.608,51 €	15.030,00 €
	<i>Total exercicio</i>	2021	74.380,17 €	15.619,83 €	90.000,00 €
9207.2279902	Mantemento Software	2022	14.461,98 €	3.037,02 €	17.499,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2022	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
9320-2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2022	4.133,06 €	867,94 €	5.001,00 €
	<i>Total exercicio</i>	2022	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €
	TOTAL PRÓRROGA		99.173,56 €	20.826,44 €	120.000,00 €

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(302).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE DATA 16/04/2021, DE MODIFICACIÓN DA ESTRUCTURA DAS ÁREAS DE GOBERNO E DE MODIFICACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS NOS CONCE- LLEIROS/AS DELEGADOS/AS DE ÁREA. EXPTE. 598/1102.

Dáse conta das Resolucións de data 16/04/2020, asinadas pola secretaria do Goberno local e polo alcalde, co seguinte contido:

A) Resolución de “MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS: ESTRUTURA ÁREA DE GOBERNO 2019-2023”.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable modificar as delegacións de competencias nos órganos de xestión unipersonal -os/as concelleiros/as delegados e delegadas-, en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e



Concello de Vigo

seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2019-2023 de data 18.06.2019, modificada posteriormente por Resolución de data 17.08.2020 respecto do punto segundo nos apartados 3 e 10, nos seguintes termos:

“**Segundo.-** Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

(..)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Economía, Empresa e Seguridade.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Economía e Empresa, así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas dos Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público.

(...)

10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica e Protección de Datos, en materia de rexistros, información e arquivos, así como en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación.

(...)

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os concelleiros e concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2

do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpoRuede informado da mesma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) Resolución de “MODIFICACIÓN DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DE ÁREA”.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable modificar as delegacións de competencias nos órganos de xestión unipersonal -os/as concelleiros/as delegados e delegadas-, en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a Resolución da delegación de competencias (2019-2023) da Alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área de data 26.06.2019 modificada posteriormente por Resolucións de data 13.08.2019 e do 17.08.2020 e do respecto do punto segundo da parte resolutiva , apartados 3 e 10, nos seguintes termos:

“Segundo.- Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación os servizos corporativos do Concello de Vigo estrutúranse nas seguintes áreas executivas e/ou materiais que estarán dirixidas, sen prexuízo dos termos que se establezan nas disposicións de delegación ou desconcentración de competencias, polos/as membros da Xunta de Goberno Local e demais Concelleiros e Concelleiras que se indican:

(...)

3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Economía, Empresa e Seguridade.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Economía e Empresa, así como en materia de Seguridade, en particular, a dirección, organización e coordinación coas respectivas Xefaturas dos Servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as Xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos, e a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e ocupación de dominio público.



Concello de Vigo

a) En materia de Seguridade:

1. Dirixir, organizar e coordinar coas respectivas Xefaturas os servizos de Policía Municipal e de Extinción de Incendios e Salvamento, desempeñando as xefaturas inmediatas de todo o persoal adscrito aos mesmos.
2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía pola normativa reguladora en materia de protección da seguridade cidadá, de Forzas e Corpos de Seguridade, de coordinación de policía locais de Galicia, utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos e, en xeral, as competencias que lle atribúan á Alcaldía pola normativa regulamentaria de desenvolvemento daquela lexislación, excluídas aquelas outras competencias que, tendo orixe noutros réximes legais sectoriais, regulen ámbitos concretos da seguridade pública, entre outros, en materia de urbanismo, medio ambiente, sanidade, consumo, transportes, ... etc.
3. Exercer, en materia de Protección Civil e Emerxencias, as funcións que legalmente lle resulten atribuídas á Alcaldía Presidencia de conformidade co disposto na normativa reguladora de réxime local, de Protección Civil e o seu desenvolvemento regulamentario; nas leis autonómicas de Emerxencias e de Acción Voluntaria e o seu desenvolvemento regulamentario; así como a normativa municipal de aplicación.
4. Incoar, tramitar e resolver os procedementos sancionadores, e ditar requirimentos ou ordes de execución, susceptibles de ser instruídos en aplicación da normativa anterior, excluídos todos aqueles que, en cumprimento de calquera outra lexislación sectorial de concorrente aplicación ao ilícito cometido, resultasen competencia delegada doutras áreas, entre outros, en materia de disciplina urbanística e outras formas de intervención administrativa relacionadas coa ordenación dos usos do solo, medio ambiente, consumo, sanidade, comercio, transportes, ... etc.

b) En materia de Tráfico e estacionamento de vehículos :

1. Planificar, dirixir e executar a través da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, en particular:
 - a) A elaboración, proposta e seguimento das políticas viarias dirixidas a unha mobilidade segura e sostible, a través da elaboración de plans e programas de seguridade viaria, en coordinación no seu caso coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - b) O impulso da investigación en materia de seguridade viaria, factores influentes e impacto de medidas específicas, incluíndo a coordinación con institucións de carácter científico e técnico, e en particular coa Dirección Xeral de Tráfico.
 - c) O fomento da educación viaria.
 - d) A comunicación e divulgación relacionada co tráfico e a seguridade na circulación viaria.
 - e) A regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías, así como a planificación, dirección e coordinación das instalacións e tecnoloxías para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico e mellora da seguridade viaria naquelas.

f) O establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, sen prexuízo da competencia autonómica en materia de coordinación das policía locais.

g) A tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, a tramitación e formulación de declaracións de nulidade e a resolución de reclamacións previas á vía xudicial.

2. Realizar as declaracións de abandono de vehículos, para os efectos do previsto na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; sen prexuízo das competencias delegadas que se lle encomendan á Concellería de Medio Ambiente para sancionar o abandono do vehículo.
3. A supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da Área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións.

c) En materia de utilización/ocupación do dominio público e de espectáculos públicos:

1. Informar as ocupacións do sistema viario público que resulten necesarias en aplicación do previsto na normativa reguladora das obras e as conseguíntes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública, así como calquera outra ocupación do sistema viario derivada da execución de obras públicas promovidas por outros departamentos municipais ou por outras administracións, así como as ocupacións dos espazos viarios que resulten necesarias en execución dos procesos de transformación urbanística ou territorial do solo.
2. Informar as ocupacións do sistema viario que resulten necesarias para a implantación de mercados tradicionais ou populares promovidos por outros departamentos municipais, sen prexuízo da necesidade de recabar e obter, nestes supostos, o informe previo da Área delegada de Seguridade e Mobilidade.
3. Informar a realización dos eventos deportivos obxecto de regulación no Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo RD 1428/2003.
4. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas pola normativa en materia de seguridade cidadá e o seu desenvolvemento regulamentario, estatal ou autonómico; así como pola normativa sectorial de aplicación.
5. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas ilegalmente por particulares, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

d) En materia de economía e industria:

1. Fomento da competitividade empresarial, desenvolvemento económico e da innovación.



Concello de Vigo

2. Fomento de actuacións tendentes á terciarización da nosa economía.
 3. Promoción das feiras sectoriais de Vigo, nomeadamente Conxemar.
 4. Plans promocionais de Vigo en colaboración coas empresas locais.
 5. Seguimento da Autoestrada do Mar.
 6. Seguimento dos enlaces e tráfico ferroviarios.
 7. Seguimento dos enlaces por estrada e autoestrada.
 8. Seguimento das actividades portuarias.
 9. Seguimento de actividades do sector pesqueiro e mariñeiro tradicional.
- (...)

10.-PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Contratación, Patrimonio, Xestión Municipal, Goberno Aberto e Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS), Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo, así como a relación cos órganos directivos municipais, Administración Electrónica e Protección de Datos, e materia de rexistros, información e arquivos, así como en materia de Réxime Interior, Recursos Humanos e Formación, en particular:

a) En materia de Contratación:

1. Impulsar a tramitación dos procedementos de contratación.
2. Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.
3. Impulsar a tramitación dos expedientes relativos á modificación, resolución e liquidación dos contratos e a tramitación dos recursos especiais en materia de contratación.
4. A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello de Vigo.
5. Coordinar e dirixir a actividade de apoio á Mesa de Contratación do Concello de Vigo.
6. Velar polo mantemento e actualización constante da información relativa á actividade contractual deste Concello no perfil de contratante.

b) En materia de Xestión Municipal:

1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-

financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.

2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión depostos, encomendas, peticións de informe, etc).

c) En materia de Goberno Aberto e Transparencia

1. Implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas de Goberno Aberto, promovendo a súa transversalidade no conxunto da organización municipal.
2. Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os procedementos administrativos correspondentes.
3. Planificar, deseñar e executar a estratexia municipal para garantir a implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas e obrigas legais en materia de transparencia e bo goberno, implicando e coordinando a totalidade da organización municipal no marco das súas áreas funcionais.
4. Promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.

d) En materia de Patrimonio:

- 1.A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.
- 2.Dirixir e xestionar o réxime, tráfico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.
- 3.Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Área.
- 4.A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.
- 5.Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Área.



Concello de Vigo

6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.
7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.
8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.
10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presume que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.
11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.
12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Público.
13. A aprobación e/ou proposta dos expedientes relacionados coa xestión patrimonial do Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo", dos diferentes espazos do inmovible.

e) En materia de Administración Electrónica:

1. Asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da Sociedade da Información e, en particular, en relación cos proxectos de Cidade Intelixente.
2. Impulsar a apertura e a reutilización de datos como un medio de xerar valor público e transferir coñecemento á cidadanía.
3. Garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativa aplicable en materia de administración electrónica, en particular, a relativa ao Esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica e ao Esquema nacional de interoperabilidade (ENI) no ámbito da Administración Electrónica.
4. Propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal integrando os intereses das distintas áreas e servizos.
5. Planificar, coordinar e supervisar as actuacións en materias referentes ao uso de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software de xeito que se impulse un uso eficiente e eficaz das mesmas.

6. Xestión, administración e mantemento das comunicacións de datos na totalidade das sedes municipais.
7. Xestión administración e mantemento do equipamento tecnolóxico existente nas distintas sedes municipais.
8. Xestión e administración das distintas aplicacións de xestión municipal.
9. Aprobación de formularios, modelos e impresos municipais a proposta das diferentes Concellerías Delegadas.

f) En materia de rexistros, información e arquivos:

1. Garantir a correcta implantación da Oficina de asistencia en materia de rexistro e o seu funcionamento conforme co marco normativo vixente en cada momento
2. Xestionar as relacións interadministrativas en termos de interoperabilidade e interconexión do Rexistro Electrónico municipal
3. Coordinar, no seu caso, as distintas oficinas municipais de asistencia en materia de rexistros
4. Adecuar a organización e funcionamento dos servizos de Arquivo para a xestión electrónica de expedientes, garantindo a dotación dos medios e ferramentas precisas para o cumprimento das obrigas legais nos prazos establecidos.
5. Coordinar, aplicar, supervisar e xestionar a política de xestión documental cara ao Arquivo Electrónico único.
6. Adopción das medidas precisas para garantir a conservación dos fondos documentais conforme co establecido no marco normativo de aplicación.
7. Dirixir, organizar e coordinar a rede de atención á cidadanía mediante o servizo de atención telefónica que se canaliza a través do 010 e servizo telemático a través do portal web institucional, canais de atención en redes sociais, aplicacións móbiles.
8. Propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía

g) En materia de recursos humanos e persoal:

1. A planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas establecidas polo Goberno Municipal en materia de planificación e xestión de recursos humanos, xunto co establecemento dos criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, abarcando a proposta aos órganos municipais competentes de medidas de racionalización de cadros de persoal e contención do gasto público en materia de persoal, así como todas aquelas relativas á xestión dos recursos humanos; medidas de fomento da mobilidade interdepartamental tendentes á optimización dos efectivos municipais e propostas á Xunta de Goberno Local de adecuacións retributivas ou reconfiguración de postos de traballo, incluíndo igualmente a determinación das



Concello de Vigo

condicións de traballo en interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.

2. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, entendendo por tal o exercicio das potestades derivadas da inmediata dirección do persoal municipal e a totalidade das decisións que impliquen xefatura non atribuídas expresamente a outros órganos, incluíndo a do corpo de Policía Municipal e a do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
3. Propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.
4. Propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Plans de Formación do persoal municipal elaborados pola Área de Recursos Humanos e Formación, presidindo a Comisión Paritaria de Formación, coordinando coas Concellerías-Delegadas de Área e demais delegados a formación e capacitación do persoal municipal.
5. En materia de prevención de riscos laborais, vixiar e controlar as condicións de seguridade e hixiene no traballo, presidindo o Comité de Seguridade e Saúde Laboral e designando aos seus membros; e velando polo cumprimento da normativa vixente na materia, ostentando igualmente a competencia en nome do Concello nas relacións coa Inspección de Traballo e coa Autoridade Laboral.
6. Realizar as funcións de interlocución como representante do Goberno Municipal nas relacións cos órganos de representación sindical dos empregados públicos municipais, desenvolvendo a política municipal nesta materia e ostentando a Presidencia da Mesa Xeral de Negociación, como parte lexitimada ao efecto.
7. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.
8. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.
9. Ditar as instrucións precisas para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, asinando o proxecto que pola Unidade de Planificación e Organización se elabore.
10. Convocar a Mesa Xeral de Negociación e para a realización das sesións dos grupos de traballo que se constituísen no Concello de Vigo.
11. Outorgar o permiso especial de Alcaldía contemplado no artigo 16 do vixente Acordo regulador.
12. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas

en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.

13. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, a dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no marco das ditas relacións contractuais.
14. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.
15. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

h) En materia de Réxime Interior:

Dirixir e xestionar as dependencias de Estatística, ademais da Unidade de Conserxería e Notificación e o Almacén municipal, conforme cos principios de eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.
2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.
3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.
4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incursa nos supostos legais que corresponda.
5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.
6. Expedir as certificacións de empadramento e dos resúmenes numéricos do padrón.
7. Dirixir a xestión do rúeiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).
8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de



Concello de Vigo

solicitud de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.
10. Proporcionar ao Servizo de Estatística as axudas materiais e persoais que sexan necesarias nos distintos procesos e convocatorias electorais.

Segundo.- Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todo/as os Concelleiros e Concelleiras e membros da Xunta de Goberno Local afectado/as.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ás Xefaturas das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na Sede Electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(303).- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 19/04/2021, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

Con data 16/04/2021, a Alcaldía-Presidencia ditou sendas resolucións modificando a estrutura existente das áreas de Goberno Municipal e consecuentemente as correspondentes delegacións de competencias nos concelleiros/as delegados/as de área. Estas modificacións afectaron ás áreas iniciais de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal e de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Á vista das modificacións introducidas polas anteditas Resolucións, resulta preciso axustar a delegación das competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados de competencias, polo que, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados/as de competencias nos seus apartados **IV** e **V** que quedarán redactados do seguinte xeito:

IV.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRESA E SEGURIDADE.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Autorizar calquera ocupación temporal por terceiros do sistema viario público municipal, sempre e cando a ocupación non comporte a necesidade de establecer un réxime concesional sobre o dominio público ocupado, correspondendo no seu caso a elaboración dos informes que resulten legalmente pertinentes e, en xeral, calquera aproveitamento especial que se pretenda facer das vías públicas.
3. Autorizar as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vaos), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos hacia os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
 - a. Reserva de estacionamento e paradas
 - b. Reservas especiais para persoas con discapacidade
5. Autorizar as cacharelas de San Xoán e a queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
6. Exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento das medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, coa colaboración da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.

V.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local.

2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á XMU.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistrais de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistrais, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistrais que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

En materia de Xestión Municipal

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten na área de Alcaldía, efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos da área de Alcaldía e a tramitación e adxudicación dos contratos menores da Alcaldía, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

En materia de Recursos Humanos

1. Conceder os permisos e licenzas de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último suposto á Xunta de Goberno Local.
2. Recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. Determinación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. Autorización das atribucións provisionais de funcións, dando conta ao órgano delegante.
6. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
7. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
8. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou



Concello de Vigo

prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.

9. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
11. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
12. Adoptar as medidas necesarias para a reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Garantir un sistema eficaz de xestión de seguridade e saúde laboral, buscando a súa mellora continua.
2. Determinar os mecanismos que permitan cumprir as obrigas en materia de seguridade e saúde laboral - formación, información, vixilancia da saúde, etc...- esixidas pola normativa vixente.
3. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
4. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, etc...- propostos por cada concellería delegada.
5. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellería-delegada e/ou polo SPPRL.

Segundo.- Notificar a presente resolución ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(304).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 2/2021). EXPTE. 13535/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/05/21, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:
Relación XGL nº 2/2021

1.- Contencioso. Expediente nº 11569/111
Sentenza nº 81 do 12 de febreiro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Ordinario: 4169/2018
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 03/04/18 ditada no expediente de contratación
Expte(s): 90514-210
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima integramente o recurso, coas custas taxadas de oficio.
O departamento de Contratación (e o de Seguridade) debe coñecer o asunto.

2.- Social. Expediente nº 11777/111
Sentenza nº 38 do 18 de febreiro de 2021
Xulgado do Social (Reforzo) nº 5 de Vigo



Concello de Vigo

Ordinario: 929/2018

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación dereito e cantidade

Esta sentenza, firme, estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento das cantidades reclamadas.

A cuestión controvertida, de interese xeral, e sobre a que xa se produciu una sentenza contenciosa, é a de se no cálculo da retribución das gratificacións por servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (non compensados en descanso) se inclúen só as retribucións fixas e periódicas mensuais ou tamén as pagas extraordinarias (semestrais), e a sentenza inclínase por esta segunda opción (fronte ao que foi o criterio xeral pacífico aplicado ata datas ben recentes).

O departamento de Persoal debe executar o resolto

3.- Contencioso. Expediente nº 11806/111

Sentenza nº 9 do 4 de febreiro de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Ordinario: 4381/2018

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre obras do contorno urbano da Gran Vía.

Expte(s): 3516/443

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta Sentenza, que non é firme, estima o recurso, anulando a resolución recorrida (con base no motivo impugnatorio enunciado no FD 2º e considerado no FD 8ª da Sentenza, que trata sobre a interpretación do art. 48 da LPCG, e/ou sobre a improcedencia da autorización recorrida (ao igual que o voto particular) o que implica que só cabería o recurso de casación do art. 86.3.2º par. da L.X. perante o propio TSXG.

O departamento de Fomento debe coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12127/111

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Secc 1ª

Casación: 3707/2020

Providencia do 11 de decembro de 2020

O Concello de Vigo intentou interpoñer casación contra a sentenza de instancia, o que non foi admitido polo Tribunal Supremo por non apreciar interese casacional.

A Dirección de Ingresos debe executar o resolto na sentenza firme de instancia.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 160/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do TEA ditada o 11/04/2019 en relación coas taxas por aproveitamento especial do dominio público do exercicio 2017.

Expte(s): 4495/550

Contía: 46.885,80 €

RCA orixe PO 160/2019 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, sentenza nº 32 do 13/02/2020 estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 05/06/2020

5.- Social. Expediente nº 12253/111
Sentenza do 5 de febreiro de 2021
Xulgado do Social nº 3 de Vigo
Ordinario: 641/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Recoñecemento de relación laboral indefinida e reclamación de cantidades.

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente a demanda:

-Rexeita a pretensión de declaración como persoal laboral indefinido non fixo, por tratarse dun contrato de fomento do emprego respecto de colectivos especialmente vulnerables, cunha selección específica.
-Acepta a pretensión de reclamación de cantidades (diferencia retributiva con relación ás prazas e postos de traballo de auxiliar administrativo do cadro de persoal e RPT dos empregados municipais) polo importe de 11.618, 16 €.

O departamento de Persoal e o de Emprego deben coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia e as bases do recurso de suplicación (que anunciaremos cautelarmente).

6.- Contencioso. Expediente nº 12517/111
Sentenza nº 47 do 29 de xaneiro de 2021
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Recurso de apelación: 4030/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 03/05/2018 sobre delimitación das praias da Foz, esquerda, e parte da Calzoa para esparexemento canino.
Expte(s): 12839/306
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a apelación dos demandantes contra a de instancia, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Medio Ambiente debe coñecer o resolto.

Proc. de orixe
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
P.O. 85/2019
Obxecto.-Acordo da XGL do 3-5-2018 (e 13-12-2018): delimitación de areas para esparexemento canino
Proc/Expte.- 12839/306
Sentenza nº 260, do 29-10-2019
Desestimatoria con custas (comunicada na XGL 12-12-2019)

7.- Contencioso. Expediente nº 12584/111
Auto nº 10 do 11 de marzo de 2021
Xulgado do Social nº 3 de Vigo
Ordinario: 1043/2019



Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Diferenzas de salarios, por aplicación de convenio colectivo Vigo-Emprega 2018 2ª Quenda, no período comprendido entre o mes de maio de 2019 e o 7 de xullo de 2019.

Ter por desistido ao demandante.

O departamento de Persoal e o de Emprego deben coñecer o resolto.

8.- Social. Expediente nº 12724/111

Sentenza nº 107 do 22 de marzo de 2021

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 166/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento de dereito de relación laboral fixa e, subsidiariamente, indefinido non fixo.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

O departamento de Persoal e o de Deportes deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12738/111

Sentenza nº 23 do 4 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 85/2020

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Resolución de 26/12/2019 que desestima as alegacións formuladas o 16/12/2019 respecto do requirimento de emenda de documentación do 13/12/2019 no expediente Espazo Solidario de Nadal.

Expte(s): 112722/210

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento municipal de Comercio debe coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12803/111

Sentenza nº 17 do 25 de xaneiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra

Abreviado: 67/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 12/04/2020 desestimatoria da reclamación económico administrativa en relación a imposición dunha sanción de 606,77 € e a perda de 4 puntos do permiso de conducir.

Expte(s): 4851-550 e 108741904

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

A Tesourería-Recadación Municipal (e o departamento de Seguridade) deben coñecer o resolto.

11.- Mercantil. Expediente nº 12818/111

Sentenza nº 39 do 10 de marzo de 2021

Xulgado do Mercantil nº 3 de Pontevedra

Ordinario: 404/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Protección de dereitos de propiedade intelectual.

Esta sentenza, que non é firme, acepta parcialmente a pretensión indemnizatoria subsidiaria e condena ao Concello a indemnizar ao actor por importe de 20.000 €, con xuros por mora dende a data da sentenza ata o completo pagamento.
O departamento de Vías e Obras debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a eventual apelación e as súas bases, ou ben proceder á execución do resolto.

12.- Social. Expediente nº 12860/111
Sentenza nº 161 do 12 de marzo de 2021
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Ordinario: 312/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades, como persoal laboral fixo coa categoría profesional de responsable de instalacións-ZOO

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.
O departamento de Persoal e o de Medio-Ambiente (Vigozoo) deben coñecer o resolto.

13.- Social. Expediente nº 12865/111
Sentenza nº 140 do 24 de marzo de 2021
Xulgado do Social (Reforzo) nº 4 de Vigo
Seguridade social: 944/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Reclamación por invalidez permanente.

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

14.- Civil. Expediente nº 12876/111
Auto nº 113 do 9 de febreiro de 2021
Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de Vigo
Monitorio: 567/2019
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública
Obxecto: Reclamación de cantidades.

Declara a incompetencia obxectiva do órgano xudicial por corresponder a cuestión á xurisdición contenciosa-administrativa (na que xa hai dous recursos cruzados en trámite).
O Departamento de Fomento debe coñecer o resolto.

15.- Social. Expediente nº 12894/111
Sentenza nº 59 do 10 de febreiro de 2021
Xulgado do Social (Reforzo) nº 4 de Vigo
Ordinario: 856/2019
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Recoñecemento da relación laboral como fixa ou subsidiariamente indefinida.



Concello de Vigo

Esta Sentenza, que non é firme, desestima a demanda.
O departamento de Persoal (e o de Educación / EMAO) deben coñecer o resolto.

16.- Social. Expediente nº 12914/111
Decreto nº 78 do 18 de febreiro de 2021
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Ordinario: 96/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Reclamación de cantidades por asistencia a cursos.

Acepta a desistencia do actor.
O departamento de Persoal e o de Medio Ambiente deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12957/111
Sentenza nº 62 do 25 de marzo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 180/2020
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Desestimación presunta das pretensións da solicitude presentada o 29/09/2016 sobre RPT e procedementos de provisión de postos de traballo.
Expte(s): 36656/220 e 27913/220

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso, anula o acto presunto recorrido e condena ao Concello a 1º aprobar unha nova RPT que recolla as determinacións consignadas no expediente 27913/220 e, 2º seguidamente, a que efectúe a correspondente convocatoria para a cobertura concursal dos postos de traballo.
O departamento de Persoal (RRHH) debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia de apelar esta sentenza e as bases para facelo.

18.- Contencioso. Expediente nº 12959/111
Sentenza nº 220 do 3 de decembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 186/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de 12/03/2020 que desestima o R. Reposición interposto contra providencia de constrinximento en relación cunha multa de importe 600 €.
Expte(s): 2020/3369

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto recorrido, con custas taxadas de oficio.
Unha vez mais a cuestión da obriga xeral de notificar a denuncia no acto, facendo constar nela todos os datos normativamente establecidos, xera dúbidas que se estenden á notificación do requirimento de identificar ao condutor/a (que sería innecesario de cumprir o deber xeral) e da notificación domiciliaria da denuncia, sanción ...
A Tesourería-Recadación Executiva o Departamento de Seguridade deben executar o resolto (con devolución do ingresado no seu caso).

19.- Contencioso. Expediente nº 12975/111
Sentenza nº 51 do 16 de marzo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 209/2020

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Decreto do Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo de data 7 de febreiro de 2020.

Expte(s): 5879/106

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula o acto recorrido, sen custas, por tres motivos:

- Omisión como procedemento aplicable do correspondente á interpretación do contrato (con informe do Consello Consultivo).
- Incompetencia do órgano (inexistencia da aprobación pola XGL).
- Inaplicación do réxime transitorio previsto no contrato (ata o remate das obras da reforma do mercado).

Ao que se lle engaden os cambios de criterio(vaivéns) do órgano xestor ao longo do expediente.

Solicitamos, con urxencia, informe do órgano xestor sobre a procedencia de apelar e as súas bases, ao tempo que debe estudarse a posibilidade de substituír o acordo impugnado e anulado por outro mais fundado (tendo en conta os contidos anulatorios da sentenza).

Asemade, semella claro que o canon anual debe aboarse, e esixirse, en cada anualidade.

20.- Contencioso. Expediente nº 13032/111

Sentenza nº 21 do 4 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 242/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de aprobación definitiva da modificación puntual da vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo.

Expte(s): 32978-220, 34020-220, 34118-220, 35414, 34351-220, 35379-220, 35420-220, 30478-220 e 33981-220

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anula os actos recorridos (no relativo á Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística) e:

1. Condena ao Concello á modificación puntual da RPT para incluír o posto de traballo de Xefatura do S.N.L., coas funcións recollidas na guía de funcións, correspondente ao grupo A1, co CD 26 e o CE 660.

2. Condena ao pagamento das diferenzas retributivas entre o sinalado para a Xefatura e as percibidas como técnica dende xaneiro de 2013 e ata a creación e provisión do posto de traballo de Xefatura do S.N.L.

Desestima pois a pretensión de adscrición directa da actora ao posto de traballo de Xefatura (FD 5º in fine).

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a procedencia de recorrer en apelación e da eventual base do recurso.

21.- Contencioso. Expediente nº 13041/111

Sentenza nº 171 do 17 de marzo de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 400/2020



Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada o 23/10/2017 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na rúa.

Expte(s): 5303/243

Contía: 34.219,00 €

Esta sentenza desestima o recurso de apelación do demandante, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio - RPA debe coñecer o resolto.

Proc. de orixe:

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Pontevedra

P.O. 368/2017

Resolución do 23-10-2017

RPA, caída na vía pública

5303/243

Sentenza nº 127 do 27-8-2020

Desestimatoria, comunicada na XGL do 5-11-2020

22.- Social. Expediente nº 13174/111

Sentenza do 18 de marzo de 2021

TSX Galicia, Sala do Social, de A Coruña

Recurso Suplicación 147/2021

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Demanda en material electoral de impugnación de laudo arbitral e tutela de dereitos fundamentais.

Resolve o recurso de tres sindicatos (SN das CCOO de Galicia, CSIF e UGT) contra a sentenza de instancia, inadmitíndoo, con desestimación do recurso e confirmación da sentenza recorrida.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

Procedemento de orixe: Impugnación de laudos en materia electoral nº 1007/2019 - Xulgado do Social nº 4 de Vigo, sentenza nº 206 do 14/09/2020 estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 5/11/2020.

23.- Contencioso. Expediente nº 13177/111

Sentenza nº 41 do 25 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 265/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución da XGL do 06/08/2020 que acorda a resolución definitiva do contrato mixto de subministro e servizo dun sistema de xestión de emerxencias

Expte(s): 6497-241 e 35/2131

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Contratación (e o de Seguridade- Extinción de Incendios) debe coñecer o resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 13201/111

Sentenza nº 28 do 11 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 278/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 15/07/2020 que desestima recurso de reposición contra decreto de 01/03/2020 sobre responsabilidade patrimonial por danos sufridos na vía pública.

Expte(s): 5615/243

Esta Sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e condena ao Concello ao pagamento de 10.712 € e mailos xuros legais dende a data da reclamación administrativa (27-4-2018). Ao se tratar de sentenza firme que obriga ao pagamento de cantidade determinada a Intervención municipal ten que executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio - RPA debe xestionar a aplicación ao caso do contrato de aseguramento municipal.

25.- Contencioso. Expediente nº 13204/111

Sentenza nº 22 do 4 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 280/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Silencio administrativo en Rec. de Reposición contra Oferta de Emprego Público 2018, sobre as bases xerais e específicas de emprego público 2017/2018/2019 primeira fase.

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso en relación cos dous silencios, cunha ampliación , e xa en relación coa ampliación ao resolto pola XGL do 12-11-2020, inadmítea parcialmente e desestímaa en canto á impugnación do procedemento de concurso-oposición.

En síntese se impugnaban: a) unha dobre valoración como mérito do tempo de servizo en determinadas unidades militares, b) a aplicación da promoción interna no acceso ás prazas de bombeiros, e c) a aplicación do concurso-oposición como sistema de ingreso ou selección. O primeiro foi corrixido polo Concello de oficio e no resto das cuestións houbo resolucións administrativas expresas e motivadas, incorporadas ao expediente, que fundamentaron a defensa municipal no proceso co resultado xa exposto, o que permite a urxente e necesaria cobertura das prazas vacantes de bombeiros/as.

O departamento de Persoal e o de Seguridade (SEIS) deben coñecer o resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 13256/111

Sentenza nº 13 do 21 de xaneiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 315/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da solicitude de revisión de oficio de actos nulos, en relación cunha infracción de tráfico.

Expte(s): 5062/550, 81703/700 E 282028/280



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

A Tesourería-Recadación Municipal, o TEA do Concello de Vigo, e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 13273/111

Sentenza nº 16 do 26 de xaneiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 318/2020

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución de 21/09/2020 sobre "Acordo Marco" de ampliación das xornadas laborais para o servizo de policía, así como actuacións levadas a cabo polo servizo de policía.

Expte(s): 71462/212

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 13292/111

Sentenza nº 26 do 11 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 331/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 17/06/2020 sobre expediente sancionador de tráfico, pola que se resolve inadmitir o recurso extraordinario de revisión.

Expte(s): 282328-280

Esta Sentenza, firme, estima o recurso, con custas taxadas de oficio.

A falta do segundo intento de notificación do requirimento de identificación do/a condutor/a no domicilio que figura no rexistro da DXT (intentouse noutra dirección, sen que se saiba por que razón) é considerado como un erro de feito con efectos invalidantes do requirimento de identificación.

A Tesourería - Recadación municipal e o departamento de Seguridade deben executar o resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 13315/111

Decreto nº 81 do 2 de marzo de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Ordinario: 7506/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución nº 187/2020 do TACGAL, que desestima un recurso contra o acordo de adjudicación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar, SAF.

Expte(s): 197921/301

Acepta a desistencia do demandante.

Os departamentos de Contratación e Benestar Social deben coñecer o resolto.

30.- Contencioso. Expediente nº 13317/111

Sentenza nº 6 do 4 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 337/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 22/10/2020 ditada en expediente sancionador por estacionamento en lugar delimitado para carga e descarga.

Expte(s): 282546/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

31.- Contencioso. Expediente nº 13338/111

Sentenza nº 52 do 16 de marzo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 352/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de recurso de reposición ditada en expediente sancionador iniciado por denuncia do 16/09/2019.

Expte(s): 282831/280

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto, con base no defecto de motivación na actuación instrutora de rexeitamento das probas propostas pola infractora (art. 77.3 LPAC). A Tesourería-Recadación Municipal e o departamento de Seguridade deben executar o resolto.

32.- Contencioso. Expediente nº 13356/111

Sentenza nº 54 do 16 de marzo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 356/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Silencio administrativo en reclamación previa de responsabilidade patrimonial por sinistro laboral.

Expte(s): 6072/243

Esta sentenza, firme , desestima o recurso.

O departamento de Contratación e o de Seguridade- Extinción de Incendios deben coñecer o resolto.

33.- Contencioso. Expediente nº 13362/111

Sentenza nº 60 do 25 de marzo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 4/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta en RPA polos danos sufridos nun vehículo por obras á altura da rúa Venezuela.

Expte(s): 6166/243

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto presunto impugnado e condena ao Concello ao pagamento á demandante de 728,31 €, mais xuros legais desde a



Concello de Vigo

data de reclamación administrativa o 2-4-2020 (con expresa reserva da acción de regreso do Concello contra a UTE C. San José S.A.- COVSA).

Ao se tratar de sentenza de condena ao pagamento de cantidade determinada a Intervención municipal debe executala en tempo e forma:

Os departamentos de Patrimonio - RPA, Fomento e Contratación deben esixir a responsabilidade da contratista.

34.- Contencioso. Expediente nº 13363/111

Sentenza nº 28 do 15 de marzo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 8/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada o 22/10/2020 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial por lesións a consecuencia dunha caída na Praza de Abastos do Calvario de Vigo.

Expte(s): 5903/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e confirma expresamente o acto administrativo impugnado.

O departamento de Patrimonio - RPA, e o de Comercio, deben coñecer o resolto.

35.- Contencioso. Expediente nº 13367/111

Sentenza nº 18 do 26 de febreiro de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 329/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución desestimatoria do recurso extraordinario de revisión en procedemento sancionador.

Expte(s): 283087/280

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción recorrida ao terse alegado e acreditado en vía administrativa o erro na identificación da condutora e a falta de responsabilidade persoal da sancionada.

A Tesourería-Recadación Municipal e o departamento de Seguridade deben executar o resolto (con devolución do ingresado, se fora o caso, e a reposición dos puntos do carné).

36.- Contencioso. Expediente nº 13369/111

Sentenza nº 33 do 22 de marzo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 13/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TEA de data 29/01/2018 desestimatoria da reclamación contra desestimación do recurso de reposición presentado fronte a dilixencia de embargo (IIVTNU e T. lixo).

Expte(s): 5197/550

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O TE-A C.V e a Tesourería-Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

37.- Social. Expediente nº 13380/111
Decreto nº 43 do 1 de febreiro de 2021
Xulgado do Social nº 3 de Vigo
Ordinario: 465/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

Acepta a desistencia do demandante.
O departamento de Persoal, e o de Medio Ambiente, deben coñecer o resolto.

38.- Contencioso. Expediente nº 13392/111
Sentenza nº 58 do 16 de marzo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 33/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de data 26/11/2020 desestimatoria da responsabilidade patrimonial como consecuencia dunha caída na rúa Simón Bolívar.
Expte(s): 5850/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio - RPA debe coñecer o resolto.

39.- Contencioso. Expediente nº 13398/111
Sentenza nº 36 do 29 de marzo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 37/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución ditada en expte. Sancionador.
Expte(s): 283413/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Tesourería-Recadación Executiva e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

40.- Social. Expediente nº 13401/111
Sentenza nº 54 do 10 de febreiro de 2021
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Seguridade social: 81/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Impugnación alta médica.

Esta sentenza, firme, desestima a demanda (ao non formularse ningunha pretensión concreta contra o Concello, de acordo coa mutua responsable do acto impugnado, optamos por non comparecer)
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(305).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14336/445.

Visto o informe de fiscalización do 15/04/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 15/04/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños e Obras e Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 26 de maio de 2020.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 28 de setembro de 2020.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe de CENTO NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (109.744,86 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de DEZANOVE MIL CORENTA E SEIS EUROS CON SENTA E DOUS CÉNTIMOS (19.046,62 €).



Concello de Vigo

A anualidades:

<i>Anualidade</i>	<i>con IVE</i>	<i>sen IVE</i>	<i>IVE</i>
2020	18.290,81 €	15.116,37 €	3.174,44 €
2021	54.872,43 €	45.349,12 €	9.523,31 €
2022	36.581,62 €	30.232,75 €	6.348,87 €
Total	109.744,86 €	90.698,24 €	19.046,62 €

Ao abeiro do establecido no artigo 101 LCSP o valor estimado do contrato estipúlase en CENTO CINCUENTA E CATRO MIL CENTO OITENTA E SETE EUROS CON UN CÉNTIMO (154.187,01 €), tendo en conta os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, a posibilidade de prórroga do contrato ata un máximo dunha anualidade e as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

As diferentes anualidades imputarase aos exercicios orzamentarios detallados, en consecuencia o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 9202 2211100.- Repostos elementos de Transporte, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 25 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONTITRADE ESPAÑA, S.A.	87,82
2	NEUMÁTICOS BERBÉS	85,71
3	NEUMÁTICOS SOLEDAD S.L.	55,87
4	EUROMÁSTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS, S.A.U.	55,79
5	GRUDEMABA S.L.	36,17

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONTITRADE ESPAÑA, S.A. (A-81.579.344), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONTITRADE ESPAÑA, S.A., o día 26 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 12 de abril de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONTITRADE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONTITRADE ESPAÑA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 de xaneiro e 22 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a CONTITRADE ESPAÑA, S.A. (A-81.579.344) o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 109.744,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.046,62 euros, cunha porcentaxe de desconto do 27% a aplicar aos prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Capítulo I e no Capítulo II do Orzamento que figura no Anexo IV do PPT.*
- b) *Propón un incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade esixidos na cláusula 7.3 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1 e C3 ofertando:*
 - *Pneumáticos Clase C1 Furgonetas valor B*
 - *Pneumáticos Clase C1 Todo Terreo valor B*
- c) *Propón un incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en eficiencia enerxética esixidos na cláusula 7.3 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1 e C3 ofertando:*
 - *Pneumáticos Clase C1 Furgonetas valor C*
 - *Pneumáticos Clase C1 Todo Terreo valor C*
 - *Pneumáticos Clase C3 valor C*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(306).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE". EXPTE. 701/441.

Visto o informe de fiscalización do 15/04/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato mixto de obra e servizo do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE", redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis de IVE de 2.967.996,94 euros.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22/01/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS NOVECIENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.967.996,94 €), sendo o importe correspondente ao IVE De 515.106,91 euros.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.65 (2ª Fase integración urbana Vía Verde), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	2.197.043,98 €
TOTAL	2.197.043,98 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- O 25 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou corrixir un erro material da fórmula do apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares e ampliar en 7 días o prazo de presentación das proposicións.



Concello de Vigo

Terceiro.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de CIVIS GLOBAL, S.L.U. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de marzo de 2021, por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares para os supostos de presentación mediante pegada dixital.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de “implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase” (701-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	94,77
2º	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L	94,17
3º	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,27
4º	EXTRACO, S.A.	84,26
5º	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	80,44
6º	NAROM, S.L.	76,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. (A-36.614.691) e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), o día 30 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida os días 12, 13 e 14 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 20 e 21 de marzo e 25 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de CIVIS GLOBAL, S.L.U. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de marzo de 2021, por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares para os supostos de presentación mediante pegada dixital.*
2. *Adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (A-36.614.691 e A-36.008.886, respectivamente) o procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de “implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase” (701-441) por un prezo total de 2.505.583,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 434.853,25 euros.*



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(307).- SUBSTITUCIÓN DO SERVIZO XESTOR DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 81/441.

Dáse conta do informe-proposta do 15/04/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (expediente 81-441) (PPT)

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2019, e ordinaria do 29 de marzo de 2019, aprobou o expediente de licitación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, da prestación dos servizos de limpeza das instalacións da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias municipais do Concello de Vigo.

2.- En data 6 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente acordou adxudicar a URBASER, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441).

Este contrato formalizouse o 11 de outubro de 2019, no que se sinala que o prazo do contrato será de catro anos, contado a partir do día 1 de novembro de 2019.

4.- En data 13 de abril de 2021, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario co conforme do concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, emiten o seguinte informe proposta:

“A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 6 de setembro de 2019, acordou Adxudicar a URBASER, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (exp. 81-441).

Con data 11 de outubro de 2019, foi asinado o contrato correspondente a dita adxudicación, indicando como data de inicio o 1 de novembro de 2019 e un prazo de execución de catro anos coa opción dunha prorroga dun ano.

De acordo co PCAP, o servizo xestor deste expediente é a Área de Servizos Xerais, e a responsable do contrato é a Enxeñeira Industrial da Área de Fomento, polo cal atendendo ao obxecto do mesmo (Servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias do Concello de Vigo), así como á organización actual da Área e as cargas de traballo dos diferentes servizos, solicítase o cambio de responsable do contrato, do servizo xestor do mesmo e dos códigos de facturación, pasando a ser respectivamente o Xefe do Servizo de Limpeza (responsable do contrato) o servizo de limpeza (servizo xestor do expediente) así como GE0000619.

A solicitude de cambio do responsable do contrato e de servizo xestor afecta unicamente a un aspecto organizativo da propia administración municipal dentro da mesma Área de Goberno, Concellería de Fomento e Servizos polo cal non ten ningunha incidencia nas condicións esenciais da licitación nin da propia adxudicación.

Polo exposto, dáse traslado ao Servizo de Contratación para a tramitación da mesma”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Legislación aplicable

En primeiro lugar, resulta preciso determinar a legislació aplicable a este cambio. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislació vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil), é dicir, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



Concello de Vigo

-II-

Do servizo xestor e do responsable do contrato

O artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público dispón que *“Con independencia da unidade encargada do seguimento e da execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela.”*

Neste senso, a cláusula 1 do PCAP determina que:

“(…) 2.- O servizo xestor do expediente é o designado no apartado 1.B das Follas de Especificación do Contrato (en adiante FEC).

3.- O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) será fixado no apartado 1.C da FEC ou será nomeado pola Xunta de Goberno local no acordo de aprobación do expediente. Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.(…)”

Segundo o apartado 1 das Follas de especificacións do contrato (en adiante FEC) determina que o Servizo xestor é a Área de Fomento (subapartado B) e o responsable do contrato a Enxeñeira Industrial Municipal da Área de Fomento (subapartado C).

No Decreto de delegación de competencias do Alcalde nos concelleiros de data 18 de xuño de 2019 atribúese á Área de Fomento e Servizos as competencias municipais en materia de Fomento, Ciclo integral da auga, Limpeza, Transporte e Mobilidade, Aparcadoiros, Vías e Obras, Parque Móbil e Parque Central, Electromecánicos e Xestión de Residuos Sólidos Municipais.

No informe do Servizo Administrativo e de Control orzamentario da Área de Fomento de data 22 de marzo de 2021 se sinala que: *“atendendo ao obxecto do mesmo (Servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias do Concello de Vigo), así como á organización actual da Área e as cargas de traballo dos diferentes servizos, solicítase o cambio de responsable do contrato, do servizo xestor do mesmo e dos códigos de facturación, pasando a ser respectivamente o Xefe do Servizo de Limpeza (responsable do contrato) o servizo de limpeza (servizo xestor do expediente) así como GE0000619”.*

O cambio no servizo xestor baséase atendendo ao obxecto do contrato (Servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias do Concello de Vigo), así como á organización actual da Área e as cargas de traballo dos diferentes servizos.

Dito cambio afecta unicamente a un aspecto organizativo da propia administración municipal, polo cal non ten ningunha incidencia nas condicións esenciais da licitación nin da propia adxudicación.

Con respecto ao responsable do contrato, tal e como se sinala na cláusula 1 do PCAP, se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación, sen que este cambio teña consideración de modificación contractual.

Á vista do exposto, procede a substitución do servizo xestor Área de Fomento polo Servizo de Limpeza, a substitución da unidade tramitadora GE0000611 VIAS E OBRAS por GE0000619 LIMPEZA VIARIA, RSV e a substitución da responsable do contrato, a enxeñeira Industrial da Área de Fomento polo xefe do Servizo de Limpeza.

- III-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP)

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a substitución do servizo xestor Área de Fomento polo Servizo de Limpeza e, a substitución da unidade tramitadora GE0000611 VIAS E OBRAS por GE0000619 LIMPEZA VIARIA, RSV, do contrato dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (expediente 81-441)

2º.- Aprobar o cambio de responsable do contrato dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (expediente 81-441) designando ao xefe do Servizo de Limpeza.

3º.- Notificar este acordo á xefatura do Servizo de Limpeza e ao contratista, URBASER, S.A”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

9(308).- INFORME DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR FCC AQUALIA,S.A., NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 2496/611.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/04/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, do Presidente da Xunta de Galicia
- Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, do Presidente da Xunta de Galicia
- Orde do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, por procedemento aberto, dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexe a contratación, por procedemento aberto, dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas,

Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 4 de xuño de 2019 a Xunta de Goberno local adxudicou a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (expte. 2.496-611).

Este contrato formalizouse o 27 de xuño de 2019 e con data 30 e 31 de xullo asinouuse novamente por mor dun erro na redacción da cláusula 2, no que constaba o prezo de 6.893.916,76 euros, cando tiñan que ser 6.851.196,76 euros; e o mantemento das instalacións 1.878.790 euros, cando debían ser 1.836.070 euros.

Segundo.- O 18 de marzo de 2020 o concelleiro delegado de Deportes resolveu (expte. 2.496-611):

"1º.- A suspensión parcial do contrato, a totalidade da parte variable do contrato, actividade docente de monitores e profesores e unha parte do término fixo do contrato, aquela que corresponde a actividade de socorrismo e servizos xerais recepción, queda excluída a parte correspondente ós servizos de dirección, mantemento técnico, limpeza e subministros enerxéticos para o desenvolvemento contrato DOS SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE (EXPTE: 2496-611), motivada pola imposibilidade de cumprimento e en atención ó establecido no Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do covid-19.

2º.- Tal e como establece o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do covid-19, requíreselle que inste desta Administración o acordo de imposibilidade de execución do contrato de cara a recoñecer o seu dereito ou ben a indemnización dos danos e prexuízos que lle ocasionou esta suspensión, de tratarse de contratos de obras, servizos ou subministracións. O contratista deberá dirixir a súa solicitude ao órgano de contratación reflectindo: as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato".

Terceiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.450-241):



Concello de Vigo

“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) formalizado con “FCC AQUALIA, S.A” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia prodúcese:

- A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.*
- A suspensión parcial da parte fixa do contrato afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza.*

Continúase coa prestación dos servizos de dirección, mantemento técnico, subministrados enerxéticos e o 50% do servizo de limpeza vinculados ás instalacións públicas.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, excepto a suspensión parcial do servizo de limpeza que terá efectos desde o 2 de abril de 2020, datas nas que se produciu a situacións de feitos que impiden a súa prestación e ata que poidan reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Cuarto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de xuño de 2020, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.450-241):

“1º.- Reanudar a execución da parte fixa do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza, o luns 15 de xuño de 2020, manténdose a suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores”.

Quinto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Reanudar a execución da parte variable do contrato dos “SERVICIOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores.”

Sexto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.507-241):

“1º.- Autorizar o abono a conta a FCC AQUALIA, S.A, da indemnización de danos e prexuízos consecuencia da suspensión parcial da execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril, dende o 14 de marzo o 15 de xuño de 2020. A indemnización correspondente ó período citado é de 152.556,23 euros, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:

- *Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao personal adscrito á execución ordinaria do contrato: 150.656,99 euros*
- *Gastos por mantemento da garantía definitiva: 453,20 euros*
- *Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 1.446, 04 euros”*

2º.- O abono a cuenta imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

				<i>importe indemnización euros:</i>
<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Coste variable monitores</i>		<i>AD</i>	<i>152.556,23</i>
<i>3420 2279904</i>	<i>MONITORES XIMNASIO BERBES</i>	<i>10,00 %</i>	<i>202000007205</i>	<i>15.255,62</i>
<i>3420 2279905</i>	<i>MONITORES XIMNASIO CARME</i>	<i>11,33 %</i>	<i>202000007206</i>	<i>17.284,62</i>
<i>3420 2279908</i>	<i>MONITORES PISCINA TRAVESAS</i>	<i>32,05 %</i>	<i>202000007207</i>	<i>48.894,27</i>
<i>3420 2279909</i>	<i>MONITORES PISCINA LAVADORES</i>	<i>21,45 %</i>	<i>202000007208</i>	<i>32.723,31</i>
<i>3420 2279910</i>	<i>MONITORES PISCINA TEIS</i>	<i>16,15 %</i>	<i>202000007209</i>	<i>24.637,83</i>
<i>3420 2279913</i>	<i>MONITORES PISCINA VALADARES</i>	<i>9,02 %</i>	<i>202000007210</i>	<i>13.760,57</i>
<i>total</i>		<i>100%</i>		<i>152.556,23</i>

Sétimo.- O 27 de xaneiro de 2021 o concelleiro delegado da Área de Deportes adoptou a seguinte resolución (expte. 4.109-611):



Concello de Vigo

“PRIMEIRO: Ordenar o peche temporal das piscinas de Teis, Lavadores e Valladares e os ximnasiaos do Carme e Berbés ata o 17 de febreiro de 2021, nos termos sinalados na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO: Ordenar o peche parcial temporal da piscina do Carme, quedando o seu horario de apertura establecido entre as 14.00h ás 21.30h para atender a actividade deportiva federada de ámbito nacional coas limitacións á que estas están sometidas na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.”

Oitavo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.591-241):

1º. Declarar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

[...]

e) Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611):

1. Suspensión da parte variable do contrato relativa a actividades docentes (monitores, profesores e coordinadores, nas piscinas e ximnasiaos obxecto do contrato).

2. Suspensión parcial da parte fixa do contrato agás:

- O 50% das prestacións de limpeza.*
- As prestacións relativas á mantemento.*
- As prestacións de dirección.*
- Os subministros enerxéticos.*
- As prestacións de recepción e socorrismo, na piscina das Travesas en horario de 14:00 a 21:30 horas, de luns a venres.*

2º.- A suspensión terá efectos desde o 27 de xaneiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde.

3º.- O levantamento da suspensión estará supeditado á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

4º.- Requiritr ós responsables dos contratos o levantamento dun acta de suspensión na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato”.

Na mesma data, a Xunta de Goberno local, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.450-241):

“1º.- Modificar o contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (2.496-611) nos seguintes termos:

- *A modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas cun incremento máximo de 562,5 horas horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 76.284,48 €, o que supón un incremento do importe total do contrato dun 1,11% do prezo do contrato.*
- *O número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Estas serán comunicadas á empresa polo responsable do contrato.*
- *O aboamento do reforzo de limpeza previsto nesta modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.*

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará ás aplicacións orzamentarias 3420.2279902 Servizos Travesas, 3420.2279903 Servizos Lavadores, 3420.22707 Servizos Teis, 3420.2279913 Servizos Valadares, do orzamento vixente do Servizo de Deportes coa seguinte distribución:

aplicación orzamentaria	Custes fixos	% de distribución custe contrato por centro	Importe mensual máximo con iva 12.714,08 €	TOTAL 6 MESES
3420 2279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	37,00 %	4.704,21 €	28.225,26 €
3420 2279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	21,00 %	2.669,96 €	16.019,76 €
3420 2279906	SERVIZO PISCINA TEIS	25,00 %	3.178,52 €	19.071,12 €
3420 2279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	17,00 %	2.161,39 €	12.968,34 €
		100,00 %	12.714,08€	76.284,48 €

3º.- Previamente á formalización da modificación do contrato, FCC AQUALIA, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva nun 5% do valor do incremento da modificación do contrato.”

Esta modificación formalizouse nas datas 3, 5 e 8 de marzo de 2021.

Noveno.- Con data 23 e 24 de febreiro de 2021 asinouse polas partes (Concello e contratista) acta de suspensión temporal con efectos de data 27 de xaneiro de 2021 (expte. 2.496-611).

Décimo.- O 26 de febreiro de 2021, D. José Luis García Ibáñez, en representación de FCC AQUALIA, S.A. (documento nº 210031674) solicita:



Concello de Vigo

“La Reanudación del servicio, con una suspensión parcial de la parte variable por motivos no imputados a la empresa, ni al Concello de Vigo, simplemente por las restricciones, de aforo limitado al 30% en las piscinas, planteadas en la normativa Autonómica y que debemos adoptar, para poder adaptar el servicio a las medidas publicadas por la Consellería de Sanidad, con el objetivo de controlar la Situación Epidemiológica provocada por el COVID 19. Quedando suspendidos parcialmente al 33% de su jornada el contrato de 8 monitores en función de las circunstancias del servicio. Pudiendo solicitar la INDEMNIZACIÓN la empresa prestadora del servicio solo sobre los costes salariales afectados por las restricciones mencionadas, y de los trabajadores antes definidos”.

Undécimo.- En data 26 de febreiro de 2021 por resolución do concelleiro delegado de Deportes procedeu á reapertura das catro piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasios do Carme e Berbés, con efectos do 26 de febreiro de 2021, nos termos sinalados na Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (expte. 2.496-611). A notificación electrónica da resolución foi enviada o mesmo día ao contratista, que a recibiu o 1 de marzo de 2021. O aviso da notificación electrónica realizouse non só a través de correo electrónico, senón a través de SMS.

Ademais da notificación electrónica, o 26 de febreiro de 2021 enviouse correo electrónico ao contratista co que se achegaba borrador da acta de reanudación. No borrador indicábase como data de levantamento da suspensión o 26 de febreiro de 2021.

Duodécimo.- O 2 de marzo de 2021, D. José Luis García Ibáñez, en representación de FCC AQUALIA, S.A., interpuxo recurso de reposición contra a resolución de apertura de Piscinas e ximnasios ditada polo Concello de Vigo en data 26 de febreiro de 2021 (expte. 2.496-611).

Este recurso foi desestimado o 23 de marzo de 2021 por resolución do concelleiro delegado de Deportes.

Décimo terceiro.- O 5 de marzo de 2021 enviouse ao contratista notificación de preaviso de prórroga. A notificación foi recibida o 8 de marzo.

Décimo cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 5 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.591-241):

“1º.- Levantar a suspensión dos seguintes contratos como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia:

- [...]
- *Contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611), agás o 33 % da xornada completa de 7 traballadores de docencia en piscinas,*

equivalente a 11 horas semanais por cada un por mor das limitacións de aforos fixadas na citada orde.

2º.- O levantamento da suspensión terá efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data na que entrou en vigor a citada orde”.

Este acordo foi notificado aos interesados o 8 de marzo de 2021, o mesmo día que foi recibida por FCC AQUALIA, S.A.

Décimo quinto.- En data 26 de marzo de 2021, D. José Luis García Ibáñez, con NIF 51.703.016-M, en representación de FCC AQUALIA, S.A., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento nº 210048675), interpón recurso de reposición contra o acordo adoptado o 5 de marzo de 2021 pola Xunta de Goberno local, polo que se levanta a suspensión do contrato (entre outros) como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con efectos desde o 26 de febreiro de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación o acordo adoptado o 5 de marzo de 2021 pola Xunta de Goberno local, polo que se levanta a suspensión do contrato (entre outros) como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia con efectos desde o 26 de febreiro de 2021.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de non admisión.

Son causas de non admisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso



Concello de Vigo

- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do termo ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, a resolución impugnada é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a FCC AQUALIA, S.A., por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de contratista.

A representación do recorrente consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é un acordo de data 5 de marzo de 2021, que lle foi notificada ao licitador en data 8 de marzo de 2021, a interposición do recurso de reposición en data 26 de marzo realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, non procede non admitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:



Concello de Vigo

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

No presente caso non concorre ningún destes supostos polo que non resulta necesario realizar este trámite.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC). Prazo que poderá ampliarse excepcionalmente se concorresen as circunstancias previstas no artigo 21.5 da LPAC (artigo 23.1 LPAC), que non é o caso.

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O único motivo de impugnación recollido no escrito de interposición é o seguinte:

- **“A efectividade da resolución iniciárase desde a data da notificación”**

Comeza o recorrente alegando que a Orde da Consellería de Sanidade de data 25 de febreiro de 2021 *“non permite a FCC Aqualia reiniciar a prestación dos servizos, posto que existe unha orde de suspensión de ese Concello en vigor e sendo necesaria por tanto un acto expreso de levantamento da mesma por este que é ademais o Concello como titular das instalacións e dos servizos e por ser preciso levar a cabo unha serie de actuacións para asegurar a dispoñibilidade dos traballadores e a prestación dos servizos con todas as medidas adecuadas. En definitiva, esta empresa non pode proceder á reanudación do contrato de forma automática, senón que ten que recibir unha resolución do Concello na que se acorda a reanudación, o que foi solicitado por esta parte”*.

Precisamente, coa entrada en vigor da orde do 25 de febreiro, o 26 de febreiro a contratista solicitou deste Concello a reanudación do contrato e o mesmo día o concelleiro delegado de Deportes resolveu proceder á reapertura das catro piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos do Carme e Berbés, con efectos do 26 de febreiro de 2021, nos termos sinalados na Orde do 25 de febreiro de 2021. Como xa se indicou no antecedente undécimo a notificación electrónica da resolución foi enviada o mesmo día ao contratista, que a recibiu o 1 de marzo de 2021. O aviso da notificación electrónica realizouse non só a través de correo electrónico, senón a través de SMS.

Alega o recorrente que a pesar de que se resolveu a reanudación o 26 de febreiro o contratista foi notificado o 1 de marzo de 2021.

Esta parte da alegación xa fora formulada no recurso de reposición interposto o 2 de marzo de 2021 (documento nº 210033946) que foi desestimado por resolución do concelleiro delegado de Deportes do 23 de marzo de 2021, polo que non procede a súa análise neste informe, en aplicación do artigo 124.3 da Lei 39/2015 (“*Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo dito recurso*”).

A continuación refírese o escrito ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de data 5 de marzo de 2021 polo que se levanta a suspensión deste contrato, entre outros, como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, con efectos desde o 26 de febreiro de 2021, data de entrada en vigor da citada orde. Ataca o recorrente a eficacia retroactiva do acordo, por canto “*ocasionaría un prexuízo ao administrado*” e propón “*para eliminar tales efectos desfavorables*”:

- a) *Ou facturamos os servizos desde o 26 de febreiro, procedemento que non vemos correcto porque non foi prestado o servizo.*
- b) *Ou se rectifica a data de reactivación do servizo ao de marzo, data na que foi comunicado a reactivación do mesmo”.*

Considera o recorrente “*que non se pode reiniciar o servizo ata que se recibiu a notificación do levantamento da suspensión, e que non estamos ante un acto do que poidan predicarse efectos retroactivos*”.

Como se indica no antecedente oitavo, a Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 4 de febreiro de 2021, declarou a suspensión deste contrato (entre outros como consecuencia da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, fixando os efectos da suspensión desde o 27 de xaneiro de 2021 (data de entrada en vigor da orde) e supeditando a suspensión á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente. En consecuencia, o acordo da Xunta de Goberno local estaba condicionando a duración da suspensión ao levantamento das restricións correspondentes polo organismo competente. De aí que o levantamento da suspensión por acordo do 5 de marzo de 2021 con efectos retroactivos desde o 26 de febreiro (entrada en vigor da Orde do 25 de febreiro) en ningún caso pode ter efectos desfavorables para o interesado, máis ben ao contrario é congruente co acordo do 4 de febreiro no que se supeditaba a suspensión á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente.

O contratista era coñecedor tanto do acordo da Xunta de Goberno local do 4 de febreiro de 2021 polo que se supeditaba o levantamento da suspensión á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente (notificado o 10 de febreiro) como da entrada en vigor da Orde do 25 de febreiro, xa que el mesmo, o día que entrou en vigor a citada Orde (26 de febreiro de 2021) solicitou desta Administración (documento nº 210031674) a reanudación do servizo nos seguintes termos:

“reanudación do servizo, cunha suspensión parcial da parte variable por motivos non imputados á empresa, nin ao Concello de Vigo, simplemente polas restricións de aforo



Concello de Vigo

limitado ao 30% nas piscinas, formuladas na normativa Autonómica e que debemos adoptar, para poder adaptar o servizo ás medidas publicadas pola Consellería de Sanidade, co obxectivo de controlar a situación epidemiolóxica provocada polo COVID 19. Quedando suspendidos parcialmente ao 33% da súa xornada o contrato de 8 monitores en función das circunstancias do servizo. Podendo solicitar a INDEMNIZACIÓN a empresa prestadora do servizo só sobre os custos salariais afectados polas restricións mencionadas, e dos traballadores antes definidos”.

A eficacia retroactiva do acordo do 5 de marzo debeuse, en todo caso, ao estrito cumprimento da entrada en vigor das ordes ditadas pola autoridade sanitaria competente., do mesmo xeito que os acordos da Xunta de Goberno local de suspensión parcial do contrato de datas 9 de abril de 2020 e do 4 de febreiro de 2021 se aplicaron con efectos retroactivos para garantir o cumprimento da normativa vixente. Nestes supostos o contratista cumpriu cos acordos sen recorrer en ningún momento a súa eficacia retroactiva.

A retroactividade está prevista no artigo 39.3 da Ley 39/2015: *“Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas”.*

O principio de irretroactividade sustenta estabilidade ao ordenamento xurídico e contribúe a establecer a seguridade xurídica. Isto é, permite que as persoas poidan ter confianza nas leis vixentes e celebren os seus acordos e negocios en base a elas, eliminando a incertidume que xeraría unha posible variación da lexislación respecto a feitos xa realizados e que xa non poden ser cambiados ou eliminados.

A confianza lexítima quedou garantida neste procedemento. En efecto, o acordo do 5 de marzo de 2021 (que ten efectos retroactivos) respecta en todo momento o acordado na sesión do 4 de febreiro pola que se supeditaba a suspensión á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente; os supostos de feito necesarios para o levantamento da suspensión existían na data á que se retrotrae o acordo (xa que a Orde entrou en vigor o 26 de febreiro) e non lesiona dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

En definitiva, as actuacións e acordos municipais se basearon no cumprimento das medidas de prevención recollidas nas normas vixentes. Estas medidas foron as que motivaron tanto a suspensión do contrato como a súa reanudación, polo que non dependeron en ningún momento da vontade municipal, senón de motivos alleos á propia Administración.

Segundo as SSTC 27/1981 e 99/1987 a seguridade xurídica é «suma de certeza e legalidade, xerarquía e publicidade normativa, irretroactividade do non favorable e interdición dea arbitrariedade».

En resumo:

- O acordo do 5 de marzo de 2021 supeditaba a suspensión á finalización das citadas medidas por acordo da autoridade delegada competente, neste caso a Orde do 25 de febreiro de 2021.

- O contratista solicitou o día de entrada en vigor da Orde do 25 de febreiro (26 de febreiro) a reanudación do servizo para adaptalo ás medidas nela recollidas.
- O concelleiro delegado resolveu, o 26 de febreiro de 2021, a reapertura das catro piscinas municipais de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os Ximnasiaos do Carme e Berbés, con efectos do 26 de febreiro de 2021, nos termos sinalados na Orde do 25 de febreiro de 2021. A notificación electrónica da resolución foi enviada o mesmo día ao contratista. O aviso da notificación electrónica realizouse non só a través de correo electrónico, senón a través de SMS.
- Ademais da notificación electrónica da resolución de reapertura, o 26 de febreiro de 2021 enviouse correo electrónico ao contratista co que se achegaba borrador da acta de reanudación. No borrador indicábase como data de levantamento da suspensión o 26 de febreiro de 2021.

Se o contratista non reanudou o servizo na data de entrada en vigor da Orde do 25 de febreiro de 2021, será por unha causa a el imputable, polo que, como ben indica no seu escrito de interposición, non poderá facturar os días nos que o servizo non se prestou, nin terán dereito a indemnización desde a data de entrada en vigor da Orde do 25 de febreiro.

O contratista está obrigado a executar o contrato con subxección ao previsto no seu clausulado, no prego de cláusulas administrativas particulares, no prego de prescricións técnicas e na súa oferta, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación formule, no seu caso, o órgano de contratación ao contratista (cláusula 27 do PCAP). A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Se o contratista, tal e como indica, non executou o contrato ata o 1 de marzo de 2021, será por causa a el imputable e non á Administración Municipal que adoptou todas as medidas para reanudar o servizo na data na que entraba en vigor a Orde do 25 de febreiro (26 de febreiro). Segundo a cláusula 36 do PCAP, "*considérase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas establecidas neste prego, e nas demais normas de xeral aplicación, por causas que lle resultan imputables*", polo que a falta de prestación do servizo os días 27 e 28 de febreiro de 2021, poderán conlevar a imposición de penalidades de conformidade co previsto na referida cláusula e seguintes.

Á vista do anteriormente exposto non procede estimar a alegación.

-V-
Acordo

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:



Concello de Vigo

"1º.- Admitir o recurso de reposición interposto o 26 de marzo de 2021 por D. José Luis García Ibáñez, en representación de FCC AQUALIA, S.A. (documento nº 210048675), contra o acordo da Xunta de Goberno local do 5 de marzo de 2021, polo que se levanta a suspensión deste contrato, como consecuencia da Orde do 25 de febreiro de 2021 da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2º.- Desestimar o citado recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(309).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DO ANO 2021. EXPTE. 20451/333.

Dáse conta do informe-proposta do 16/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2021, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2021, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4140-611	SERVIZO REALIZACIÓN DAS INSPECCÍONS NAS INSTALACÍONS DE BAIXA TENSIÓN NOS PAVILLÓNS DEPORTIVOS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 12833 PARTIDA: 3420-2279920	ACELEC, SL (B36955763)	24/02/21	31/05/21	7.623,00 €
4096-611	SERVIZO DE PODA E RETIRADA DE RAMAS AFECTADAS POLA APARICIÓN DE ORUGAS NO COMPLEXO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Nº ADRCM: 4281 PARTIDA: 3420-2100001	AGRONERGA (B-36448652)	12/01/21	15/01/21	713,90 €

EXPTE NÚM.	OBJECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4098-611	SERVIZO DE CONTROL DE LEXIONELLA EN CAMPO DE FÚTBOL CARBALLAL Nº ADRCM: 4421 PARTIDA: 3420-2279916	AGRONERGA, SL, NIF B36448652	19/01/21	31/01/21	840,95 €
4110-611	SERVIZO CONTROL PREVENTIVO DA LEXIONELA NAS INSTLACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Nº ADRCM: 9877 PARTIDA: 3420-2279916	ALNUR MEDIOAMBIENTE, SL (B94120482)	09/02/21	31/07/21	11.132,00 €
4097-611	CONTRATO MENOR SERVIZO DE ALUGUER DUN MÓDULO PORTÁTIL PARA O CONTROL DE ACCESOS Ó CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CARBALLAL Nº ADRCM: 7215 PARTIDA: 3420-2080000	BAYGAR. SL, NIF B12019659	25/01/21	31/12/21	1.602,64 €
4104-611	SUBMINISTRO PUNTUAL DE MATERIAL DE OFICINA PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Nº ADRCM: 7735 PARTIDA: 3420-2200000	BERNARDO GARCIA MONTOTO (36060727Q)	28/01/21	01/03/21	1.009,35 €
20383-333	SERVIZO REALIZACIÓN DE TRABALLOS PUNTUAIS DE REVISIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPO DE BOMBEO SITUADO NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DE SAMIL Nº ADRCM: 5894 PARTIDA: 3420-2130000	CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS, SL (B94057536)	21/01/21	30/03/21	1.601,77 €



Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
20433-333	OBRAS DE REPARACIÓN DO PECHE DA PARCELA NOS LINDEIROS OESTE E SUR DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL Nº ADRCM: 33325 PARTIDA: 3420-2100001	CLAVIMAR GALICIA, (B36724557) SL	16/03/21	30/04/21	24.060,16 €
20419-333	OBRAS DE PICADO DE ASFALTO PARA LOCALIZAR FUGA DE AUGA NO APARCADOIRO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE COMESAÑA Nº ADRCM: 12832 PARTIDA: 3420-2100001	COSAN NOROESTE, (B27804343) SL	24/02/21	10/03/21	338,80 €
20431-333	SERVIZO DE REPARACIÓN FUGA DE AUGA NO C.F. COMESAÑA Nº ADRCM: 32264 PARTIDA: 3420-2100001	COSAN NOROESTE, (B27804343) SL	15/03/21	10/04/21	1.202,17 €
4112-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DA CALDEIRA ACS UBICADA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARBALLAL Nº ADRCM: 8600 PARTIDA: 3420-2130001	COSTAS OTERO, (B36749075) Y SL	03/02/21	20/02/21	520,30 €

EXPTE NÚM.	OBJECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4123-611	SERVIZO DE MANTEMENTO DAS CONEXIÓNS Á CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES Nº ADRCM: 10312 PARTIDA: 3420-2270100	DESARROLLOS DE SEGURIDAD Y COMUNICACIONES, SL (B24243685)	12/02/21	31/07/21	2.706,67 €
4141-611	SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INST. CALDEIRAS DE PELLAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE BOUZAS, SÁRDOMA, CANDEÁN, MEIXOEIRO, CASTRELOS E COMESAÑA Nº ADRCM: 13211 PARTIDA: 3420-2279900	ENERGANOVA SOLUCIONES, SL (B27761105)	26/02/21	31/12/21	6.018,30 €
4160-611	SERVIZO REALIZACIÓN DA INSPECCIÓN REGULAMENTARIA DOS ELEVADORES E ASCENSORES UBICADOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 3420-2279914 PARTIDA: 32163	ENMACOSA CONSULTORIA TÉCNICA, SA (A27812627)	15/03/21	20/04/21	1.397,55 €
4122-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS SISTEMAS DE ALARMA SITUADOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 9938 PARTIDA: 3420-2270100	Equipamiento y Seguridad, S.L.U (B36634715)	09/02/21	31/07/21	2.114,11 €



Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4168-611	SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA REALIZAR O MANTEMENTO DOS DESFIBRILADORES USADOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 34766 PARTIDA: 3420-2130000	ESFOREM FORMACIÒN DE EMERGENCIAS, SLU (B45779006)	22/03/21	25/04/21	2.889,48 €
20382-333	CONTRATO PRIVADO DE SUBMINISTRO DE PRENSA-FARO DE VIGO Nº ADRCM: 6258 PARTIDA: 3410-2200100	FARO DE VIGO, SAU (A36600815)	21/01/21	31/12/21	760,00 €
20388-333	SERVIZOS PARA REALIZACION DE PUBLICIDADE PUBLIRREPORTAXES CONCELLERIA DE DEPORTES Nº ADRCM: 7336 PARTIDA: 3410-2260200	A GALIPRESS,SL (B15086556)	27/01/21	30/12/21	1.500,00 €
4107-611	SERVIZO DE TRANSPORTE E TRATAMENTO PUNTUAL DOS RESIDUOS NON PERIGOSOS XERADOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 10170 PARTIDA: 3420-2279920	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	12/02/21	30/11/21	3.000,00 €

EXPTE NÚM.	OBJECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4124-611	ERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO LEGAL DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN DE INCENDIOS E SIST. ANTIINTRUSIÓN NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE ROMIL Nº ADRCM: 11930/11931 PARTIDA: 3420-2270100/3420.2279915	INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO S JOMAGAR, SL (B94071388)	19/02/21	31/07/21	551,76 €
4101-611	CONTRATO PRIVADO DE SUBMINISTRO DE PRENSA DIARIA-LA VOZ DE GALICIA Nº ADRCM: 6259 PARTIDA: 3410-2200100	LA VOZ DE GALICIA, SA (A15000649)	21/01/21	31/12/21	415,00 €
4127-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE FABRICACIÓN DE CARTELERÍA PARA A SINALIZACIÓN COVID-19 NOS RECINTOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 9943 PARTIDA: 3420-2279920	LUIS ALBERTO MOSQUERA DE MARCOS (78739710S)	09/02/21	28/02/21	659,45 €
4118-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS SISTEMAS CONTRA INCENDIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Nº ADRCM: 10311 PARTIDA: 3420-2279915	MADINFOR GLOBAL, SL (B27721687)	12/02/21	31/07/21	2.785,84 €



Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4142-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DUNHA BOMBA CONTRAINCENDIOS NO SISTEMA UBICADO NO PAVILLÓN MUNICIPAL DA ETEA Nº ADRCM: 13072 PARTIDA: 3420-2130000	MADINFOR GLOBAL, SL (B27721687)	25/02/21	15/03/21	943,80 €
4108-611	SUBMINISTRO PARA O ALUGUER PUNTUAL DE BOMBONAS DE GAS PARA O SEU USO NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DAS TRAVESAS Nº ADRCM: 8545 PARTIDA: 3420-2080000	NIPPON GASES ESPAÑA, SLU (B28062339)	01/02/21	31/07/21	919,60 €
4117-611	SERVIZO DE MANTEMENTO TÉCNICO-LEGAL DOS ASCENSORES SITUADOS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE CORUXO, MONTE DA MINA, TRAVESAS, LAVADORES, VALADARES, NAVIA E CANDEÁN Nº ADRCM: 10310 PARTIDA: 3420-2279914	ORONA, S.COOP (F20025318)	12/02/21	31/07/21	2.972,97 €
20373-333	SERVIZOS PUNTUAIS DE MENSAXERÍA E TRANSPORTE Nº ADRCM: 5546 PARTIDA: 3410-2230000	REPARTO Y GESTIÓN URGENTE, SL (B36821494)	19/01/21	31/12/01	1.500,00 €
20375-333	CONTRATO PRIVADO DE SUBMINISTRO DE PRENSA-ATLÁNTICO DIARIO Nº ADRCM: 6266 PARTIDA: 3420-2200100	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN, SA (A36643674)	21/01/21	31/12/21	627,80 €

EXPTE NÚM.	OBJECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA RE-MATE	IMPORTE C/ IVE
4102-611	SERVIZO MANT. ELEVADORES VERTICAIS PAV. BOUZAS, COIA, BERBÉS E PISCINA DO CARME Nº ADRCM: 9873 PARTIDA: 3420-2279914	SCHINDLER, SA (A50001726)	09/02/21	31/07/21	1.316,37 €
4146-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE CORRECCIÓN E REPARACIÓN DO PROGRAMA DE XESTIÓN DE DEPORTES Nº ADRCM: 33192 PARTIDA: 3420-2279907	T-SYSTEMS ITC IBERIA, SAU (A81608077)	16/03/21	30/11/21	14.235,65 €
4103-611	SERVIZO ESTUDIO-AUDITORIA EN RELACIÓN COA BOMBA DESHUMECTADORA UBICADA NA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS Nº ADRCM: 8040 PARTIDA: 3420-2270600	TERMOCALOR VIGO, SL (B36771749)	28/01/21	01/11/21	344,85 €
20436-611	SUBMINISTRO DE VINILOS POLIMÉTICOS (PEGATINAS) PARA A SÚA COLOCACIÓN NOS ASENTOS DOS PAVILLÓNS DEPORTIVOS MUNICIPAIS Nº ADRCM: 33324 PARTIDA: 3410-2269901	Visual Graphics Imagen y Publicidad, S.L (B36892016)	17/03/21	01/04/21	1.572,94 €
20402-333	SERVIZO FABRICACIÓN E INSTALACIÓN DE VINILOS ÁCIDOS POLIMÉRICOS EN CRISTALEIRAS PAVILLÓNS BOUZAS, ROMIL, ETEA, TRAVESAS E LAVADORES Nº ADRCM: 12837 PARTIDA: 3420-2279920	Visual Graphics Imagen y Publicidad, S.L (B36892016)	24/02/21	28/03/21	2.330,77 €



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(310).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE SO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020/2021. EXPTE. 20370/333.

Visto o informe xurídico do 29/03/21 e o informe de fiscalización do 13/04/21, dáse conta do informe-proposta do 04/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.480.00.03 a favor da entidade SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL conta cun equipo de elite na modalidade de balonmán na categoría División de Honor Prata Feminino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honor Prata Feminino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.



Concello de Vigo

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.480.00.03, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL para o desenvolvemento do proxecto

xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL co CIF: G36686376 e enderezo social na rúa Lg.Carballal- Cabral, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20370-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.03 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXPTE. 20370/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. José Barciela Cabaleiro como presidente da entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL CIF: G36686376 e enderezo social na rúa Lg.Carballal-Cabral, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20370/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría División de Honor Prata Feminino , desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.



Concello de Vigo

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL _ impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do balonmán en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.480.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20370-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a SOCIEDAD DEPORTI-

VA CARBALLAL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de balonmán na tempada 2020-2021.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.03 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos,



Concello de Vigo

non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.



Concello de Vigo

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de _____.

O Concelleiro de Deportes

O Presidente da Asociación Deportiva Carballal

Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. José Barciela Cabaleiro

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(311).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020/2021. EXPTE. 20360/333.

Visto o informe xurídico do 30/03/21 e o informe de fiscalización do 14/04/21, dáse conta do informe-proposta do 04/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.16 a favor da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE

F.S. polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2020-2021.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. conta cun equipo de elite na modalidade de fútbol sala na categoría Segunda División Femenina 1-A. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Segunda División Femenina 1-A hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2020-2021, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:



Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axu-

das públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, na partida orzamentaria 3410.489.00.16, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. durante a tempada deportiva 2020-2021, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2021.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2020-2021 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. co CIF: G36886422 e enderezo social na rúa Subida a Parrocha, 25 en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20360-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.16 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2020-2021 (EXPTE. 20360/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil _____.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Manuel Martínez Caride como presidente da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. CIF: G36886422 e enderezo social na rúa Subida a Parrocha, 25, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 20360/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. durante a tempada 2020-2021. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría Segunda División Femenina 1-A, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2020-2021.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol Sala en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.16 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S..

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. na tempada deportiva 2020-2021.

VI.- Que a entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 20360-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade **CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S.** comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.



Concello de Vigo

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol Sala na tempada 2020-2021.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- Na páxina WEB da entidade, a imaxe institucional do Concello deberá estar presente, como mínimo, na páxina principal.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción colectivos, en todos os desprazamentos para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías das equipacións de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nas equipacións de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional ubicadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º.-Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade **CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S.** (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO/BEMBRIVE F.S. unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.16 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2020-2021. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2020-2021, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de



Concello de Vigo

Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2021 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2020-2021. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2021, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo séptimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira- En relación á extinción e resolución.

1. O Convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.

- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de _____.

O Concelleiro de Deportes

O Presidente do Club Deportivo Mosteiro/
Bembrive F.S.

Asdo.: D. José Manuel Fernández Pérez

Asdo. Manuel Martinez Caride

13(312).- PRÓRROGA DO SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3815/440.

Visto o informe xurídico do 26/03/21 e o informe de fiscalización do 06/04/21, dáse conta do informe-proposta do 26/03/21, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, aprobou na sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2016, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, o prego de prescricións técnicas particulares, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto.

2.- Adxudicación.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de febreiro de 2017, acordou adxudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3815-440), por un prezo total do contrato de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.

3.- Formalización do contrato.- Con data 26 de abril de 2017 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., como empresa adxudicataria para a prestación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, de conformidade co citado acordo de adxudicación, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20-04-2017 de continuar coa tramitación do expediente, unha vez resolto o recurso especial en materia de contratación interposto contra a devandita adxudicación.



Concello de Vigo

4.- Prazo. O prazo do contrato é de 4 anos a contar dende o 1 de maio de 2017, estando contempladas dúas prorrogas de un ano cada unha.

5.- Modificación do contrato. (expte 6510-241) A Xunta de Goberno Local en data 10 de setembro de 2020, acordou modificar o contrato dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, para cumprir o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia. Nesta modificación tense en conta que que estamos nunha situación moi cambiante en función da evolución da pandemia polo que non pode precisarse con exactitude cales van a ser as necesidades dos centros en canto á limpeza, así como a posibilidade de cambios nos protocolos e normativa de aplicación. Por estas razóns, o número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Nestes termos a modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 € (meses de setembro de 2020 a abril de 2021). A facturación do reforzo de limpeza e desinfección previsto na modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

6.- Revisión de prezos. A Xunta de Goberno Local en sesións de 4 de xullo de 2019 e 19 de febreiro de 2021 acordou aprobar as procedentes revisións de prezos do contrato aplicables a partir do 1 de maio de 2018, do 1 de maio de 2019 e do 1 de maio de 2020 segundo corresponda, a favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U como adxudicataria do contrato, resultando tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión un novo prezo anual de **2.854.898,08 €** IVE incluído.

7.- Mediante escrito presentado no Rexistro electrónico do Concello de data 9 de decembro de 2020(doc. 200258640), dona Carolina Canosa Diéguez, como representante da empresa MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U. manifesta a súa vontade e interese de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade, para o período do 1 de maio de 2021 ao 30 de abril de 2022.

A prestación do servizo de limpeza nos colexios públicos por parte da empresa actualmente adxudicataria (MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade da prestación do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP polo período do 1 de maio de 2021 alo 30 de abril de 2022.

No que atinxe ao reforzo das tarefas de limpeza e desinfección para cumprir o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 que deu lugar á modificación do contrato recollida no antecedente 5, segue a ser necesaria a prestación deste servizo en tanto continúe a situación epidemiolóxica. Na data actual resulta de aplicación o "Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021" (versión 04-11-2020) que aparece publicado na paxina web da Consellería de cultura,

educación e universidade. Non obstante, haberá que atender no seu caso a normativa que sobre limpeza e desinfección nos colexios dicte a administración competente para o curso 2021-2022.

Para o período da prorroga, dende o 1 de maio de 2021 ao 31 de abril de 2022, mantense a mesma previsión que a acordada pola Xunta de Goberno Local en data 10 de setembro de 2020, estimándose un incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 €. Compre sinalar que o número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe do servizo un importe máximo en función das necesidades.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do CONTRATO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPEDIENTE 3815/440 para o período comprendido entre o 1 de maio de 2021 ao 30 de abril de 2022, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer o importe da correspondente prórroga do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais que ascende a 2.854.898,08 € IVE incluído e 490.134,64 €.IVE incluído correspondente ao servizo de reforzo do servizo de limpeza para cumprir o protocolo de adaptación ao contexto COVID-19, a favor de MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.

A súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2021 (01/05/2021-31/12/2021: 6 meses)

- 1.712.938,84 €, que se imputarán á aplicación presupostaria 3230.227.0000 "Limpeza Colexios" e bolsa de vinculación.
- 298.330,53 € para desinfección colexios que se imputarán á aplicación presupostaria 3230.227.0001 "Desinfeccións extraordinarias colexios COVID" e bolsa de vinculación cedendo crédito a aplicación presupostaria 3230.227.9915.

Ano 2022 (01/01/2022-31/04/2022: 4 meses)

- 1.141.959,24 €, que se imputarán á aplicación presupostaria 3230.227.0000 "Limpeza Colexios" .
- 191.804,11 € para desinfección colexios que se imputarán á aplicación presupostaria 3230.227.0001 "Desinfeccións extraordinarias colexios COVID" e bolsa de vinculación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

14(313).- PROGRAMA DE ACTUACIÓN DA FESTA DE NADAL 2021-2022. EXPTE. 7812/106.

Visto o informe xurídico do 12/04/21 dáse conta do informe-proposta do 16/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 25.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o parágrafo segundo de dito artigo o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción da cultura, da actividade turística de interese e ámbito local e ocupación do tempo libre.

A Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través do servizo de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos e sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuíndo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

Declarada a situación de pandemia internacional pola OMS o 11/03/2020 e adoptadas polo Goberno do Estado as importantes medidas de contención da crise sanitaria mediante a restrición da mobilidade cidadá, xunto co peche temporal e parcial da economía, atopámonos actualmente cun escenario de recesión económica e social sen precedentes, cun impacto devastador (con caída do PIB no 2020 dun 11 %) que afecta de forma máis intensa ao sector terciario de servizos (restauración, ocio, hotéis, viaxes, comercio polo miúdo, etc).

Ante o citado cadro económico e social adquire maior importancia a necesidade de contar con plans de recuperación paulatina, novos recursos e solución creativas de reactivación, sendo a vindeira Festividade de Nadal unha boa oportunidade que contribúe á reversión desta situación, na medida que se considera esta nos últimos anos como un dos eventos máis importantes que xera máis atractivo turístico-comercial do ano en Vigo e de recoñecida tradición na cidade.

A dinamización e ambientación das zonas comerciais da cidade nestas datas constitúen elementos clave que contribúen ao impulso da economía, xerando un atractivo que potencia indubidablemente o sector turístico e de ocio. Durante os últimos anos, o Nadal olívico estase a consolidar como unha festa de recoñecido prestixio nacional e internacional.

A aposta do goberno local pola Campaña de Nadal e o seu posterior impacto nos medios de comunicación converteuse nun factor de atracción de visitantes inédito, incrementándose ano a ano o número de viaxeiros, como se pode constatar nos diferentes rexistros dos organismos oficiais. A creación dun espazo temático propio con iluminación, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comercialización constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

Dende o Servizo de Comercio considérase de cara a unha axeitada planificación do servizo e facilitar a transparencia, así como acadar unha maior representatividade, colaboración e participación cidadá en determinados proxectos, a aprobación do Programa de actuación da Festa de Nadal 2021-2022.

PRIMEIRO.- Aprobación do Programa de actuación da Festa de Nadal 2021-2022, que se desenvolverá entre novembro 2021 e xaneiro 2022.

1.- “Cíes Market”: mercadillo temático de Nadal e atraccións recreativas.

Cíes Market localizarase e desenvolverase na contorna da Praza de Compostela, rúa Areal, rúa Concepción Areal, rúa Colón, xardíns de Curros Enríquez e E. González de Haz e comprenderá a instalación na vía pública dos seguintes elementos e estruturas que a continuación se indican:

1. Casetas de venda (50 unidades aproximadamente).
2. Nora xigante.
3. Parque de ocio, atraccións recreativas infantís, rampa de xeo e actividades complementarias.
4. Iluminación, decoración de Nadal e servizos necesarios para o funcionamento.
5. Tren turístico, percorrido zona centro urbano.

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna convocatoria de licenza/autorización de ocupación de dominio pública en réxime de concorrencia pública.

2.- Mercadillo temático de Nadal Calvario, peonil rúa Urzaiz

O mercadillo localizarase e desenvolverase na contorna do Calvario e comprenderá a instalación na vía pública dos seguintes elementos e estruturas:

1. Casetas de venda ambulante decoradas coa estética de Nadal (cun mínimo de 10 casetas).
2. Iluminación, decoración e ornamentación acorde con dita estética.
3. Actividades de animación infantil e actividades de animación de rúa.

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.

3.- Atraccións recreativas

O Concello promoverá o procedemento administrativo mediante a oportuna licitación da licenza/autorización de ocupación de dominio público en réxime de concorrencia pública.

1. Contorna Porta do Sol: tiiovivo-carrusel clásico.
2. Praza da Independencia: tiiovivo-carrusel clásico.
3. Praza do Progreso: tren infantil.
4. Rosalía de Castro: outras atraccións.
5. Parking avenida de Samil (fronte ao número 75): pista de xeo.
6. Parking avenida de Samil (fronte ao número 75): pista de kars e outras atraccións.



Concello de Vigo

7. Explanada do Náutico: pista de xeo.

5.- Tren turístico

Co obxecto de potenciar os servizos turísticos con motivo do Nadal considérase de interese posibilitar circuítos turísticos pola cidade mediante a licitación da licenza/autorización do uso de dominio público de trens turísticos.

6.- Outra actividades recreativas

Así mesmo, o Concello ao obxecto de captar proxectos de actividades recreativas preferiblemente de carácter innovador (espectáculos de inverno, atraccións 3D, parques temáticos, obradoiros infantís, atraccións acuáticas, etc.) ambientados no Nadal a desenvolver nos espazos de espaxamento que deseguido se relacionan, promoverá unha convocatoria en réxime de concorrencia ao abeiro do artigo 96 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas para o cal os interesados poderán presentar memoria do proxecto no Rexistro electrónico do Concello no prazo de trinta días hábiles dende o día seguinte a publicación do anuncio correspondente no BOP e no Perfil do Contratista.

- Teis: Praza do mercado, Toural de abaixo, s/nº.
- Bouzas: Praza de Eduardo Cabello e Alameda Suárez Llanos.
- Travesas: Praza Xuíz Orencio Pérez González (rúa A Coruña,9).
- Praza do Berbés. Outras atraccións.
- Praza de Portugal.
- Praza Elíptica.
- Coia: Avda Castelao, 48-52 (torreiro de festas).

7.- Actividades e espectáculos de animación sociocultural, concertos, circo temático de Nadal e actividades de animación de rúa de promoción pública municipal ou mediante patrocinios privados.

Cada procedemento desenvolverá as condicións técnicas e administrativas a través dos pregos correspondentes. Todos os procedementos contemplados neste programa de actuación publicaranse no BOP, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo, tras a súa aprobación por parte do órgano competente.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no Portal de transparencia

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(314).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA, QUIOSCOS EXPENDEDORES DE COMIDAS E BEBIDAS, NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA OS ANOS 2021 A 2024. EXPTE. 15023/306.

Visto o informe xurídico do 13/04/21 e o informe de fiscalización do 15/04/21, dáse conta do informe-proposta do 13/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

I.- Normativa aplicable:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (RLPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALG)
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBCL).
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas (LC).
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas (RXC).
- Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.
- O Decreto 38/2019, do 14 de marzo, de catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).
- Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Concordante normativa de aplicación

II.- Antecedentes:

II.1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 6 de outubro de 2020, iniciou procedemento administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias de Vigo, quioscos expendedores de comidas e bebidas, para os anos 2021 a 2024, e para o outorgamento das autorizacións de explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva), toda vez que no ano 2020 rematou o prazo das autorizacións outorgadas con anterioridade.

II.2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 17 de decembro de 2020, acordou aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada: Quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do término municipal de Vigo para os anos 2021 a 2024, cos seguintes quioscos:



Concello de Vigo

DESCRIPCIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN PECHADA EN M2	OCUPACIÓN TERRAZA ABERTA M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Dominio público marítimo terrestre (DPMT). Zona de servidume de tránsito do DPMT en dominio público municipal.	20 m2	50 m2
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baia, Alcabre	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Dominio público municipal. Fóra da zona de servidume de protección do DPMT.	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Zona de servidume de protección do DPMT. Dominio público municipal	20 m2 + superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro.	50 m2
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2, incluída superficie de aseos accesibles Lei galega 10/2014, de 3 de decembro	50 m2

QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre (DPMT)	20 m2	50 m2
---------------	------------------	--	-------	-------

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos da citada documentación técnica.

As autorizacións para a execución deste plan de ocupación do dominio público con instalación de tempada e desmontables, será para os anos 2021 a 2024, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2021: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2022: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2023: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2024: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

e solicitar as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (Quioscos nºs. 1, 4, 9, 10 e 11) e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) (Quioscos nºs. 2, 3, 6, 7 e 8).

Tamén, acordou que unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto autonómico 97/2019, de 18 de xullo, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectoriais (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó expediente, á aprobación dos pregos e á apertura do procedemento de licitación e outorgamento das autorizacións

II.3.- O Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico en data 09/03/2021 (doc. 210038515) outorgou a autorización sectorial para ocupación instalación dos servizos de tempada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, núms. 1, 4, 9, 10 e 11.

II.4.- A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATV en data do 29/03/2021 outorgou ó Concello de Vigo a autorización da C.A. na zona de servidume de protección do DPMT, para a instalación dos quiosco desmontables ó servizo da praia, nºs. 2, 3; e con data do 09/04/2021 para os quioscos 6, 7 e 8.

II.5.- En data do 30/03/2021, o xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo emite memoria xustificativa para a licitación das autorizacións.

II.6.- En data do 13/04/2021, a xefa do Servizo de Contratación emite o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares.



Concello de Vigo

III.- Fundamentos de dereito.

III.1.- As autorizacións obxecto da licitación é para a ocupación privativa do dominio público con once quioscos de tempada, expendedores de comidas e bebidas, nas praias con instalacións desmontables e por período de catro anos.

As dos quioscos 4, 9, 10 e 11 corresponden á ocupación de dominio público marítimo terrestre previsto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, e no regulamento que a desenvolve aprobado por Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, cuxa ocupación e explotación pode realizar o Concello a través de terceiros e trala aprobación do correspondente plan de ocupación e explotación dos servizos de temporada polo Servizo Provincial de Costas, debendo respectar os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva (artigos 26, 53 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, e 110, 113 do Rd 876/2014, de 10 de outubro).

As dos quioscos 1, 2, 3, 5, 6, 7 e 8 corresponde á ocupación de dominio público municipal, o primeiro (1) na zona de servidume de tránsito da Lei de Costas (suxeito a autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas), os números 2, 3, 6, 7 e 8 na zona de servidume de protección da dita Lei (suxeitos á autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda), o número 5 sitúase fóra da zona de servidume, cuxo outorgamento debe acomodarse ó previsto na lexislación de réxime local sobre bens e na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), a través dun procedemento de pública concorrencia o estar o seu número limitado (artigo 26 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, e 86.2., 92 e 96 da LPAP).

III.2.- Consta no expedientes as correspondentes autorizacións sectorias esixibles para a licitación das autorizacións conforme á normativa de costas antes citada.

III.3.- O prego de cláusulas administrativas particulares reflicte un total de 11 lotes que coincide co número de quioscos que se instalarán e que se axustan as determinacións do Plan de ocupación de servizos de tempada do ano 2021 aprobado pola XGL do 17/12/2020 e ás autorizacións sectoriais citadas.

Os criterios de adjudicación son todos obxectivos:

Para os lotes dos quioscos 5, 6, 7, 8 e 9 outórganse 10 puntos se instalan no ano 2021 o modelo de quiosco A e os outros 90 puntos á oferta que inclúa o maior incremento do canon do fixado na cláusula cuarta do prego e as restantes valóranse proporcionalmente con aquela.

Para os lotes dos quioscos 1, 2, 3, 4, 10 e 11, outórganse 10 puntos se instalan no ano 2021 o modelo de quiosco A ou B; outórganse 50 puntos se instalan para os anos 2022 a 2024 o modelo de quiosco A e os outros 40 puntos á oferta que inclúa o maior incremento do canon do fixado na cláusula cuarta do prego e as restantes valóranse proporcionalmente con aquela.

O prazo das autorizacións será para os anos 2021 a 2024, nos seguintes períodos anuais:

Ano 2021: período 1 de xuño a 31 de outubro.

Ano 2022: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2023: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

Ano 2024: período de semana santa e de 1 de maio a 31 de outubro.

O canon mínimo a aboar ó concello por cada un dos lotes determinouse en función dos seguintes criterios:

a) Quioscos situados en DPMT estatal:

O maior que resulte de aplicar o canon establecido polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, incrementado no importe das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) e a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local (superficie de terraza ou aberta) ou o canon da última adxudicación das autorizacións, ano 2019, que superaron os 10.000 euros, coa redución do 50 por cento.

b) Quioscos situados en terreos de titularidade municipal:

O maior que resulte de aplicar o importe da suma das taxas municipais segundo a Ordenanza fiscal por aproveitamento especial de terreos de dominio público con instalacións de quioscos (superficie cerrada) ou o canon da última adxudicación das autorizacións, ano 2019, que superaron os 10.000 euros, coa redución do 50 por cento.

Os citados criterios xustifícanse en que o canon debe ser acorde co valor que tería no mercado a utilización derivada do aproveitamento se os bens non fosen de dominio público polo que, cando menos, debe ser igual ou superior ás taxas que resultarían de aplicación das Ordenanzas fiscais municipais ao abeiro do establecido no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL, tendo, ademais, en consideración o importe do canon adxudicado nos últimos anos, as zonas de maior afluencia de usuarios, a nova implantación de modelos de quioscos e o prazo das autorizacións.

III.4.- Resulta necesaria a tramitación urxente do procedemento de licitación xa que no período estival as praias teñen unha gran afluencia, resultando necesario que estean en funcionamento os servizos hixiénico-sanitarios de uso públicos que levan asociados quioscos ou que colaboran na limpeza dos de titularidade pública. A necesidade de autorización sectorial do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico para os quioscos que se instalan no Dominio Público Marítimo Terrestre ou en zona de servidume de tránsito e da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATV para os quioscos que sitúan en zona de servidume do referido Dominio Público Marítimo Terrestre e que establecen condicións que deben cumprir os adxudicatarios para as ocupacións e instalacións respectivamente, foron solicitadas en decembro de 2020; pero a demora na súa autorización imposibilitou a aprobación do procedemento para a adxudicación das autorizados destes quioscos con anterioridade. ditos

A maior abundamento cómpre sinalar que, con carácter xeral, a LCSP establece nos artigos 156.6. e 159.3. un prazo mínimo de 15 días naturais para presentación de proposicións nos contratos de servizos, subministro. Non obstante, no caso que nos ocupa, considérase de aplicación o artigo 96 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de PAP, aínda que non ten



Concello de Vigo

carácter básico, por ser norma máis específica na materia, que establece un prazo de 30 días o que demoraría aínda máis a adxudicación. Por outra banda, a documentación que deben presentar os licitadores nas súas proposicións é sinxela polo que non se observa ningún prexuízo a estes coa redución dos prazos á metade pola declaración de urxencia.

A tramitación de urxencia do procedemento debe acordarse expresamente polo órgano de contratación conforme á LCSP.

III.5.- A competencia para a resolución do presente procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 e 11 da Disposición adicional segunda da LCSP), tralo informe favorable da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral municipal (Disposición adicional terceira da LCSP).

En mérito ó que antecede trala emisión favorable dos referidos informes, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 15023/306 para adxudicación das autorizacións de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2021 a 2024.

2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada, quioscos expendedores de comidas e bebidas, nas praias do concello de Vigo para os anos 2021 a 2024, asinado dixitalmente o 13 de abril de 2021.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(315).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2021. EXPTE. 49123/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/04/21, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
48976/446	CMSUB	Subministro de proxectores de luz ornamental na Praza de Compostela	Acelec Instalaciones Eléctricas, SL	1710.6090000	02/03/2021	2.625,70 €
49027/446	CMS	Reparación de maquinaria	Almijocar, SCG	1710.2130000	18/03/2021	8.000,00 €
48934/446	CMSUB	Subscrición a Faro de Vigo	Faro de Vigo, SAU	1710.2200100	29/01/2021	380,00 €
48936/446	CMSUB	Subscrición a La Voz de Galicia	La Voz de Galicia, SA	1710.2200100	29/01/2021	504,00 €
49017/446	CMS	Redacción de proxecto de muro en zona verde en Camiño Freixeiro	Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, SL	1710.2270600	15/03/2021	2.982,65 €
48935/446	CMSUB	Subscrición a Atlántico Diario	Rías Baixas Comunicación, SA	1710.2200100	29/01/2021	313,90 €
48948/446	CMO	Obras de mellora en áreas de xogo deportivo en zonas verdes	Servicios, Instalaciones e Infraestructuras, SL	1710.6190000	10/03/2021	47.508,39 €
48947/446	CMSUB	Subministro de elementos de exercicio para biosaudables	Triglobal Contract, SL	1710.6190015	22/02/2021	18.101,60 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

17(316).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE OPERACIÓNS DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DAS PARCELAS DO COMPLEXO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 20641/240.

Dáse conta do informe-proposta do 15/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Normativa de aplicación.

- Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).
- Lei Hipotecaria de 8 de febreiro de 1946 (LH).
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- PARCELAS MUNICIPAIS.

O Concello de Vigo é titular das seguintes fincas que constan de alta no Inventario municipal de Bens e Dereitos, e afectadas pola construción do Complexo Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo:

a).- Parcela sita na Avda. Beiramar nº57:

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Nove mil setecentos cincuenta e sete metros con cincuenta e oito decímetros cuadrados (9.757,58 m²), si ben resulta ter, segundo os puntos xeoreferenciados do seu perímetro, a superficie de NOVE MIL SETECENTOS CINCOENTA E NOVE METROS CUADRADOS (9.759 m²).

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar.

Sur: Rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF).

Oeste: Parcela nº59 da Avda. Beiramar propiedade do Concello de Vigo (Ref. catastral 2057909NG2725N0001OF).

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo: Fincas rexistradas 77822 Tomo 1487, Libro 1487, Folio 80

Referencia Catastral: 2057904NG2725N0001PF

Propiedade nº 3200 do IMBD.

b).- Parcela sita na Avda. Beiramar nº59.

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Dous mil douscentos trinta e seis metros cuadrados (2.236 m²)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e solar sito na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: Rúa Jacinto Benavente.

Leste: Solar do CONCELLO DE VIGO sito na Avda. Beiramar nº57 (Ref. catastral 2057904NG2725N0001PF).

Oeste: Solar sito na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP) e solar sito na Avda. Beiramar nº61 de REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) .
Inscrita no Rexistro da Propiedade n.º 5 de Vigo: Finca rexistral 77823, Tomo 1487, Libro 1487, Folio 88

Referencia Catastral: 2057909NG2725N0001OF

Propiedade nº 3199 do IMBD.

c).- Rúa Jacinto Benavente: Inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, no Epigrafe I Viales, co Código rueiro 05880. Discorre paralela á Avda. Beiramar tendo a súa orixe e remate nesa mesma avenida, arrancando dende o encontro con ésta, ao carón da edificación situada no nº23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira.

Lonxitude total da rúa Jacinto Benavente: 1,268 m.

Superficie total: 26.628 m².

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 31 de marzo do 2021, acordou as operacións de segregación dunha parte da rua Jacinto Benavente e posterior agrupación coas parcelas 57 e 59 da Avda. Beiramar conformando unha única parcela de 12.976 m², sobre a que realizouse a contrucción do Complexo Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo e coa finalidade de levar a cabo a declaración de obra nova e división horizontal do mesmo.

TERCEIRO.- Polos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, emitiuse informe o pasado 13 de abril en relación a súa proposta técnica do 22/03/2021 que serviu de base as operacións de segregación e agrupación aprobadas no acordo da Xunta de Goberno do 31/3/2021, sinalando que *Revisada a documentación incluída na “PROPOSTA DE SEGREGACIÓN DUNHA PARTE DA RÚA JACINTO BENAVENTE E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS DO CONCELLO DE VIGO NAS QUE SE ATOPA CONSTRÚIDO O COMPLEXO DE AUDITORIO –PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO” detectáronse diversos erros polo que se achega a versión final revisada da proposta*, e na que se corrixe a superficie da parcela segregada da rúa Jacinto Benavente que é de 981 m² en lugar dos 891 m² referidos na anterior proposta.

A nova proposta contén unha descripción da parcela a segregar da rúa Jacinto Benavente, nunha superficie de 981 m², ocupada no subsolo por unha parte da superficie do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo; e trala súa agrupación coas parcelas municipais sitas nos nº 57 e no nº 59 da Avda. Beiramar, a descripción da parcela resultante de 12.976 m² destinada a albergar dito Complexo Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo.

Ditas operacións reflectense do seguinte xeito no informe emitido, achegando xunto co mesmo, planos de data abril 2021 a escala 1/1000 coas súas correspondentes coordenadas UTM HUSO 29ETRS89, relativos a:



Concello de Vigo

- Plano 01 Parcela Final Segregada R/Jacinto Benavente
- Plano 02 Parcela Orixe existente Ref.Catastral 2057904NG2725N0001PF
- Plano 03 Parcela Orixe existente Ref.Catastral 2057909NG2725N0001OF.
- Plano 04 Parcela Orixe existente 1A segregada da R/Jacinto Benavente.
- Plano 05 Parcela Final Resultante do Proceso de Agrupación.

“Proposta de segregación dunha parte da superficie da rúa Jacinto Benavente ocupada, e súa agrupación ó resto das parcelas do Concello de Vigo, conformando unha única finca nas que situanse as edificacións existentes correspondentes co Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.”

Pola presente, e tra-la solicitude da Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo, procédese a redacta-lo presente proxecto de segregación dunha parte da superficie da rúa Jacinto Benavente, ocupada na actualidade no seu subsolo por parte da construción do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo, co obxeto de obter unha parcela independente do vial público e súa posterior agrupación ó resto das parcelas do Concello de Vigo nas que se atopa construído o Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo, conformando unha finca final única nas que se sitúan as edificacións existentes correspondentes co Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

1) PROPOSTA DE SEGREGACIÓN DUNHA PARTE DA RÚA JACINTO BENAVENTE

A rúa Jacinto Benavente atópase inscrita no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, no Epigrafe I Viales, co Código rueiro 05880. Discorre paralela á Avda. Beiramar tendo a súa orixe e remate nesa mesma avenida, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no nº23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira.

Lonxitude total da rúa Jacinto Benavente: 1,268 m.

Superficie total: 26,628 m².

Plantéxase a segregación do tramo da rúa ocupado no subsolo por unha parte da superficie do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo. O tramo que se pretende segregar correspóndese ca lonxitude existente entre as rampas de acceso e saída do aparcamento á rúa Jacinto Benavente, cun ancho variable, pero sensiblemente regular, que se corresponde co tramo de beirarrúa existente entre o límite das dúas parcelas nas que se atopa construído o Auditorio Pazo de Congressos e o Hotel e o tramo asfaltado da rúa Jacinto Benavente.

1A) DESCRIPCIÓN DA PARCELA A SEGREGAR E DA CONSTRUCCIÓN EXISTENTE

Plantéxase a segregación do tramo da rúa ocupado no subsolo por unha parte da superficie do aparcamento do Complexo Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo. O tramo que se pretende segregar correspóndese ca lonxitude existente entre as rampas de acceso e saída do aparcamento á rúa Jacinto Benavente, cun ancho variable, pero sensiblemente regular, que se corresponde co tramo de beirarrúa existente entre o límite das dúas parcelas nas que se atopa construído o Auditorio Pazo de Congressos e o Hotel e o tramo asfaltado da rúa Jacinto Benavente. Ten unha forma alongada, cun ancho medio aproximado de 4,00 m e unha lonxitude total aproximada de 211 m. As características do terreo de 891 m² a segregar da rúa Jacinto Benavente son as seguintes:

Denominación: Parcela da Rúa Jacinto Benavente

Superficie: 891 m²

Lindeiros :

Norte: solar sito na Avda. Beiramar nº57 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e solar sito na Avda. Beiramar nº59 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Sur, Leste e Oeste: rúa Jacinto Benavente.

XEOREFERENCIA DA PARCELA RESULTANTE

	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
Ref.Punto Doc.Gráfica	X	Y
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P24	521926,22	4675466,56
P23	521934,28	4675481,87
P22	521934,69	4675482,65
P21	521956,01	4675527,67
P20	521985,82	4675590,63
P19	521992,59	4675609,59

1B).- DESCRIPCIÓN DO ESTADO FINAL DA PARCELA ORIXE

A rúa Jacinto Benavente, parcela orixe da segregación proposta, mantén o seu trazado paralelo á Avda. Beiramar tendo a súa orixe e remate nesa mesma avenida, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no no23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira. Lonxitude total final da rúa Jacinto Benavente tra-la segregación: 1,268 m. Superficie total final da rúa Jacinto Benavente tra-la segregación: 25,647 m2.2)

2) PROPOSTA DE AGRUPACIÓN DE FINCAS CORRESPONDENTES Ó COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"

Procédese a redacta-lo proxecto de agrupación de tres fincas nas que se atopa construído o Complexo Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo" co obxecto final de obter unha finca final única que se corresponda cas edificacións existentes no Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

2A) FINCAS OBXETO DE AGRUPACIÓN: As tres parcelas que se pretenden agrupar son as seguintes:

A).- Parcela sita na Avda. Beiramar no57, propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e con Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF.

B).- Parcela sita na Avda. Beiramar no59, propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF.

C).- Parcela (1A) de 981 m2 obtido da segregación de parte da superficie da rúa Jacinto Benavente, sen número catastral.



Concello de Vigo

A continuación damos conta das características de cada unha das fincas orixe e das edificacións existentes nelas.

a).- Parcela sita na Avda. Beiramar no57:

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Nove mil setecentos cincuenta e sete metros con cincuenta e oito decímetros cuadrados (9.757,58 m²), si ben resulta ter, segundo os puntos xeoreferenciados do seu perímetro, a superficie de NOVE MIL SETECENTOS CINCOENTA E NOVE METROS CUADRADOS (9.759 m²).

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar.

Sur: Rúa Jacinto Benavente e parcela 1A obtida da segregación de parte da superficie da rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF).

Oeste: Parcela no59 da Avda. Beiramar propiedade do Concello de Vigo (Ref. catastral 2057909NG2725N0001OF).

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.o 5 de Vigo: Finca rexistral 77822 Tomo 1487, Libro 1487, Folio 80

Referencia Catastral: 2057904NG2725N0001PF

Propiedade no 3200 do IMBD.

No nivel de soto existe un aparcamento para o conxunto de usos do complexo, ademáis de diversos cuartos de instalacións. O aparcamento existente neste nivel de soto -1 (cota -3,55 m) ten parte da súa superficie nesta finca de Avda Beiramar no57 (Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e outra parte nas fincas lindantes (finca sita na Avda. Beiramar no59, con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF, e nova finca sen número catastral resultado da segregación dunha parte da rúa Jacinto Benavente). Nos niveis superiores atópanse unha superficie construída sen uso (prevista para un uso comercial), un auditorio/pazo de congresos, zonas de oficinas e un espazo de restaurante, cos correspondentes espazos reservados para as instalacións e zonas de comunicación e acceso para os diversos usos.

(...)

b).- Parcela sita na Avda. Beiramar no59.

Propietario: Concello de Vigo .

Superficie: Dous mil douscentos trinta e seis metros cuadrados (2.236 m²)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e solar sito na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: Rúa Jacinto Benavente e parcela 1A obtida da segregación de parte da superficie da rúa Jacinto Benavente.

Leste: Solar do CONCELLO DE VIGO sito na Avda. Beiramar no57 (Ref. Catastral 2057904NG2725N0001PF).

Oeste: Solar sito na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP) e solar sito na Avda. Beiramar no61 de REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) .

Inscrita no Rexistro da Propiedade n.o 5 de Vigo: Finca rexistral 77823, Tomo 1487, Libro 1487, Folio 88

Referencia Catastral: 2057909NG2725N0001OF

Propiedade no 3199 do IMBD.

No nivel de soto existe un aparcamento para o conxunto de usos do complexo, ademáis de diversos cuartos de instalacións. O aparcamento existente neste nivel de soto -1 (cota -3,55 m) ten parte da súa superficie nesta finca de Avda. Beiramar no59, con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF e outra parte nas fincas lindantes (finca sita na Avda Beiramar no57 Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF, e nova finca sen número catastral resultado da segregación dunha parte da rúa Jacinto Benavente).

Ademáis do aparcamento sito no subsolo, no solar existe unha edificación sobre rasante que acolle, ademáis de un hotel, un espazo comercial sen uso e un espazo de oficinas cedido o Concello de Vigo.

(...)

c) .- Parcela (1A) de 981 m2 obtido da segregación de parte da superficie da rúa Jacinto Benavente

Denominación: Parcela da Rúa Jacinto Benavente

Superficie: 981 m2

Lindeiros :

Norte: solar sito na Avda. Beiramar no57 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e solar sito na Avda. Beiramar no59 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Sur, Leste e Oeste: rúa Jacinto Benavente.

No nivel de soto existe un aparcamento para o conxunto de usos do complexo, ademáis de diversos cuartos de instalacións. O aparcamento existente neste nivel de soto -1 (cota -3,55 m) ten parte da súa superficie nesta finca e outra parte nas fincas lindantes (finca sita na Avda Beiramar no57 con Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF e finca sita na Avda. Beiramar no59, con Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Non existen outro tipo de construcións nesta finca polo que samente conta con uso construído no nivel -3,55 m.

A superficie construída de aparcamento abrangue os 981 m2 do solar.

(...)

2B) AGRUPACIÓN das fincas correspondentes ó COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO"

Procédese a agrupación das tres fincas (parcela 57 de 9.759 m2; parcela 59 de 2.236 m2, e a de 981 m2 segregada da rúa Jacinto Benavente), nas que se atopa construído o Complexo Auditorio Pazo de Congressos "Mar de Vigo", resultando da agrupación unha parcela coas seguintes características:

Situada en Vigo, na Avenida Beiramar no57-59, cunha superficie segundo puntos xeoreferenciados do seu perímetro de DOCE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS METROS CUADRADOS (12.976 m2) destinado a Auditorio – Pazo de Congressos, Hotel, Ocio e Comercio.

Propietario: CONCELLO DE VIGO (P-3605700H)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e parcela sita na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF) e rúa Jacinto Benavente.

Oeste: parcela sita na Avda. Beiramar no59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP), parcela sita na Avda. Beiramar no61 de REPSOLCOMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) e rúa Jacinto Benavente.

(...)

XEOREFERENCIA DO SOLAR FINAL RESULTANTE DA AGRUPACIÓN

	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
Ref.Punto Doc.Gráfica	X	Y
P02	521870,48	4675493,66
P03	521878,00	4675509,25
P04	521880,04	4675513,49
P05	521881,80	4675517,13



Concello de Vigo

P06	521883,09	4675519,82
P07	521883,10	4675519,84
P08	521889,66	4675533,45
P09	521899,92	4675554,75
P10	521903,88	4675562,97
P11	521904,12	4675563,46
P12	521906,70	4675568,80
P13	521906,93	4675569,30
P14	521930,04	4675617,26
P15	521935,55	4675628,69
P16	521937,58	4675632,90
P17	521938,62	4675635,06
P18	521939,52	4675634,63
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P26	521904,62	4675424,66
P27	521883,39	4675435,51
P28	521877,67	4675438,44
P29	521877,95	4675438,99
P30	521879,55	4675442,17
P31	521880,56	4675444,17
P32	521880,90	4675444,86
P33	521883,59	4675450,15
P34	521886,87	4675456,61
P35	521881,41	4675459,37
P36	521874,61	4675462,82
P37	521859,01	4675470,72
P38	521870,31	4675493,29
P02	521870,48	4675493,66

Fundamentos de Dereito:

PRIMEIRO.- A vixente Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, seguindo o xa disposto no TRLRL ou na LALG, establece o deber de todas as Administracións de inscribir nos correspondentes Rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio, xa sexan demaniais ou patrimoniais, que sexan susceptíbeis de inscrición, como os actos e contratos referidos a eles que poidan ter acceso ao rexistro.(art. 36.1 LPAP).

SEGUNDO.- Así mesmo, dispón que a inscrición no rexistro da propiedade practicarase de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste senso, preve a LPAP que as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas e demais sinaladas no art. 206 da LH practicarase mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifique, ou mediante a certificación prevista en dito artigo, sempre que non afecte a terceiros. (art. 37.1 e 2 LPAP).

TERCEIRO.- Conseqüentemente, procede rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de marzo do 2021 ao efecto de introducir as correccións que resultan da *“PROPOSTA DE SEGREGACIÓN DUNHA PARTE DA RÚA JACINTO BENAVENTE E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS DO CONCELLO DE VIGO NAS QUE SE ATOPA CONSTRUÍDO O COMPLEXO DE AUDITORIO –PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO”* formulada polos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo o 13/04/2021.

Por todo o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo:**

“PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de marzo do 2021, conforme as modificacións contidas na “PROPOSTA DE SEGREGACIÓN DUNHA PARTE DA RÚA JACINTO BENAVENTE E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS DO CONCELLO DE VIGO NAS QUE SE ATOPA CONSTRUÍDO O COMPLEXO DE AUDITORIO – PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO” dos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 13/04/2021, resultando as operacións de segregación e agrupación autorizadas coa seguinte descrición:

A) **SEGREGAR** da Rúa Jacinto Benavente a seguinte finca, dunha superficie de 981 m²:

Denominación: Parcela (1A) da Rúa Jacinto Benavente

Superficie: 981 m²

Lindeiros :

Norte: solar sito na Avda. Beiramar nº57 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3200 e Ref. Cat. 2057904NG2725N0001PF) e solar sito na Avda. Beiramar nº59 (propiedade do Concello de Vigo co número de Inventario Municipal 3199 e Ref. Cat. 2057909NG2725N0001OF).

Sur, Leste e Oeste: rúa Jacinto Benavente.



Concello de Vigo

XEOREFERENCIA DA PARCELA RESULTANTE

Ref. Punto Doc. Gráfica	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
	X	Y
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01
P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P24	521926,22	4675466,56
P23	521934,28	4675481,87
P22	521934,69	4675482,65
P21	521956,01	4675527,67
P20	521985,82	4675590,63
P19	521992,59	4675609,59

Trala segregación acordada, a Rúa Jacinto Benavente resultante, descríbese do seguinte xeito:

Rúa Jacinto Benavente, Código rueiro 05880 do IMBD, co orixe e remate na Avda. Beiramar, arrancando dende o encontro con ésta, a carón da edificación situada no nº23 da Avda. Beiramar e rematando na zona da Praza da Industria Conserveira.

Lonxitude total: 1.268 m.

Superficie total: 25.647 m².

B) AGRUPAR as parcelas de titularidade municipal (parcela 57 de 9.759 m²; parcela 59 de 2.236 m², e parcela 1A de 981 m² segregada da rúa Jacinto Benavente), nunha única parcela de 12.976 m² coa seguinte descripción:

Situada en Vigo, na Avenida Beiramar nº57-59, cunha superficie segundo puntos xeoreferenciados do seu perímetro de DOCE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS METROS CUADRADOS (12.976 m²) e destinada a Auditorio–Pazo de Congressos, Hotel, Ocio e Comercio.

Propietario: CONCELLO DE VIGO (P-3605700H)

Lindeiros:

Norte: Avenida Beiramar e parcela sita na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP).

Sur: rúa Jacinto Benavente.

Leste: Terreo de dominio público da Autoridade Portuaria de Vigo (Ref. Cat. 2057910NG2725N0001FF) e rúa Jacinto Benavente.

Oeste: parcela sita na Avda. Beiramar nº59 de PEREIRA PRODUCTOS DEL MAR S.A. (Ref. Cat. 2057903NG2715N0001QP), parcela sita na Avda. Beiramar nº61 de REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS (Ref. Cat. 2057902NG2715N0001GP) e rúa Jacinto Benavente.

XEOREFERENCIA DO SOLAR FINAL RESULTANTE DA AGRUPACION

Ref.	U.T.M. HUSO: 29 ETRS89	
Ref.Punto Doc.Gráfica	X	Y
P02	521870,48	4675493,66
P03	521878,00	4675509,25
P04	521880,04	4675513,49
P05	521881,80	4675517,13
P06	521883,09	4675519,82
P07	521883,10	4675519,84
P08	521889,66	4675533,45
P09	521899,92	4675554,75
P10	521903,88	4675562,97
P11	521904,12	4675563,46
P12	521906,70	4675568,80
P13	521906,93	4675569,30
P14	521930,04	4675617,26
P15Ref.	521935,55	4675628,69
P16	521937,58	4675632,90
P17	521938,62	4675635,06
P18	521939,52	4675634,63
P19	521992,59	4675609,59
P39	521995,09	4675611,04
P40	521997,87	4675616,82
P41	522000,45	4675625,22
P42	522004,56	4675623,94
P43	522000,89	4675612,01



Concello de Vigo

P44	521931,40	4675467,84
P45	521930,45	4675459,39
P46	521927,79	4675453,87
P47	521915,70	4675430,85
P48	521909,38	4675433,90
P26	521904,62	4675424,66
P27	521883,39	4675435,51
P28	521877,67	4675438,44
P29	521877,95	4675438,99
P30	521879,55	4675442,17
P31	521880,56	4675444,17
P32	521880,90	4675444,86
P33	521883,59	4675450,15
P34	521886,87	4675456,61
P35	521881,41	4675459,37
P36	521874,61	4675462,82
P37	521859,01	4675470,72
P38	521870,31	4675493,29
P02	521870,48	4675493,66

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, interesando a inscrición da agrupación anteriormente acordada.”

TERCEIRO.- Proceder á rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos no seu Epígrafe I, ó efecto de reflexar a segregación e agrupación aprobadas, dando lugar ás seguintes operacións:

- Rectificación: No Ep. I -Viales, rectificárase a Rúa Jacinto Benavente, co Código rueiro 05880 do IMBD, reflexando a lonxitude 1.268 m e superficie total de 25.647 m².*
- Baixa: No EP. I Inmóbiles, producirá a súa baixa as propiedades n.º 3199 e 3200.*
- Alta: No EP. I Inmóbiles, producirá alta a parcela resultante da agrupación aprobada, coa denominación de COMPLEXO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, cunha superficie de 12.976 m², e natureza xurídica demanial”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(317).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍNDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS - LOTE 1 “TURISMOS E FURGONETAS”. EXPTE.12659/445.

Visto o informe xurídico do 05/02/21 e o informe de fiscalización do 19/04/21, dáse conta do informe-proposta do 15/04/21, asinado pola técnica de Xestión, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 15/03/2018, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756), o contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1. (12659-445) por un importe total de 240.000,00 € sendo a cota correspondente ao IVE de 41.652,89 €, cun 10% de desconto sobre os prezos unitarios derivados dos elementos necesarios para os servizos ou subministros obxecto do contrato e cun desconto do 5% sobre os prezos unitarios para o custo de man de obra.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 27/04/2018, constando na Cláusula 4 do mesmo o prazo do contrato, o cal é de dous anos que se empezarán a contar a partir do día seguinte á da última sinatura dixital.

3.- En data 23/04/2020 a Xunta de Goberno Local acordou “aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1 “turismos e furgonetas”. (12659-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) polo período comprendido desde o 28 de abril de 2020 ata o 27 de abril de 2021.”

Asemade, acordou a autorización do “gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1. (12659-445) a favor da entidade mercantil TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) por importe de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,45 €; imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación, mantemento e conservación do material” e 9202.221.11.00 “Repuesto elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:”

		2020	2021	Total
28/04/20 ao 31/12/20	9202.214.00.00	27.000,00 €	13.000,00 €	40.000,00 €
01/01/21 ao 27/04/21	9202.221.11.00	54.000,00 €	26.000,00 €	80.000,00 €
	TOTAL	81.000,00 €	39.000,00 €	120.000,00 €



Concello de Vigo

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor de esta lei rexeranse pola mesma, polo que se refire os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse á prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso, non constando oposición.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

Cuarto.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben propor a segunda prórroga do contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1, por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da segunda prórroga do contrato comprenderá dende o 28 de abril de 2021 ao 27 de abril de 2022, sendo que o prezo anual ascende a un total de CIENTO VINTE MIL EUROS (120.000 €) sendo a cota correspondente ao IVE de corenta e un mil seiscentos cincuenta e dous euros e oitenta e nove céntimos (20.826,45 €).

Sétimo.- O importe da segunda prórroga imputarase ás aplicacións orzamentarias 9202.214.00.00 "Reparación, mantemento e conservación do material" e 9202.221.11.00 "Repuesto elementos de transporte", segundo a seguinte distribución anual:

	2021 28/04/21 ao 31/12/21	2022 01/01/22 ao 27/04/22	Total
9202.214.00.00	27.000,00 €	13.000,00 €	40.000,00 €
9202.221.11.00	54.000,00 €	26.000,00 €	80.000,00 €
TOTAL	81.000,00 €	39.000,00 €	120.000,00 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga dun ano de duración do vixente contrato de servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1 “*turismos e furgonetas*”. (12659-445), formalizado coa entidade mercantil TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) polo período comprendido desde o 28 de abril de 2021 ata o 27 de abril de 2022.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de reparacións da flota de vehículos municipais do Concello de Vigo, incluíndo o subministro dos repostos necesarios para as reparacións - Lote 1. (12659-445) a favor da entidade mercantil TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) por importe de CIENTO VINTE MIL EUROS (120.000 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.826,45 €; imputando o devandito gasto ás aplicacións orzamentarias 9202.2140000 “Reparación, mantemento e conservación do material” e 9202.2211100 “Repuesto elementos de transporte”, segundo a seguinte distribución anual:

	2021 28/04/21 ao 31/12/21	2022 01/01/22 ao 27/04/22	Total
9202.214.00.00	27.000,00 €	13.000,00 €	40.000,00 €
9202.221.11.00	54.000,00 €	26.000,00 €	80.000,00 €
TOTAL	81.000,00 €	39.000,00 €	120.000,00 €

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria TALLERES FONTAN, S.L. (C.I.F. B-36634756) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



Concello de Vigo

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(318).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES OFICIAIS DE OFICIOS CON CARGO A VACANTE PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 37262/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/04/21, dáse conta do informem-proposta do 14/04/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, coa conformidade da concelleira delegada competente, solicita con carácter urgente, persoal para as tarefas que constan na solicitude.

Informado aos efectos oportunos que non hai lista vixente das categorías solicitadas (axudantes de oficios, operario peóns, e oficiais de mantemento), en data de sinatura electrónica, solicita catro oficias de oficios precisos para o manexo do material de praias -pasarelas, mastros...- que, polo seu peso, precisan a lo mesmos de catro persoas simultaneamente.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 30/03/2021, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación a tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

IV.- Segundo informe da verificación administrativa *“Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de catro Oficiais de oficios por acumulación de tarefas, aceptando unicamente tres aspirantes, renunciando así o resto de aspirantes seleccionables ata chegar ao final da lista, sendo estas: M. A Alonso Fontaiña con DNI: ***4695**, a P Bastos Villar con DNI: ***7157** e a J.M Iglesias Peixoto con DNI: ***7559**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con*



Concello de Vigo

arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o a execución dun programa temporal por un prazo máximo de 3 anos, prorrogable por 12 meses (apartado c), e o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do exceso de acumulación de tarefas por un tempo máximo de cinco meses e sete días.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.300-oficiais de oficios), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce

meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas ou programa.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos que obran no expediente, asinados pola Xefatura do Servizo de Medio Ambiente e a Concelleira delegada competente, resulta necesario a incorporación dos oficios de oficios por acumulación de tarefas para traballos nos espazos dunares dos areas e, tamén, revisar e, posteriormente, instalar e desmontar tódolos servizos nas praias do termo municipal.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira



Concello de Vigo

delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 30/03/2021, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, despréndese que o custe total do nomeamento interino proposto de tres oficiais de instalacións por un período máximo de seis meses, supón un gasto total de **37.357,74 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **14.032,8 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **51.390,54 €**.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

V. Verificación das listas de reserva

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de catro Oficiais de oficios por acumulación de tarefas, aceptando unicamente tres aspirantes, renunciando así o resto de aspirantes seleccionables ata chegar ao final da lista, sendo estas: M. A Alonso Fontaíña con DNI: ***4695**, a P Bastos Villar con DNI: ***7157** e a J.M Iglesias Peixoto con DNI: ***7559**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que

se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as como oficiais de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1 d) do TREBEP, xustificadas nas necesidades do **Servizo de de Medio Ambiente**, en consecuencia, autorizar o gasto total por importe de **37.357,74 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **14.032,8 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **51.390,54 €**. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas a *M. A Alonso Fontaiña con DNI: ***4695***, a *P Bastos Villar con DNI: ***7157*** e a *J.M Iglesias Peixoto con DNI: ***7559***, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local para o ámbito do Concello de Vigo.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando o nomeamento cando transcorran o prazo máximo de seis meses dende a data do nomeamento, nos termos legalmente previstos; percibindo todos/as como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-oficial de oficios), sendo adscritos/as ao Servizo de Medio ambiente, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(319).- ASISTENCIA DA TÉCNICA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS DA CONCELLERÍA DE CULTURA Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETEN 2021, EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 3801/330.

Visto o informe xurídico do 07/04/21 e o informe de fiscalización do 20/04/21, dáse conta do informe-proposta do 19/04/21, asinado pola técnica medio de actividades culturais e educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Abel Fermín Losada Álvarez, resolveu que pola Área de Cultura se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas Feten 2020, que terá lugar en Xixón entre os días 9 ao 14 de maio de 2021.

A citada funcionaria, técnica media de actividades culturais e educativas, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano a Área de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Xixón, entre os días 9 e 14 de maio de 2021. Ao finalizar o venres 14 de maio pola noite, autorízase o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o sábado 15 de maio.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe, tal e como se establece no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, para o grupo 2 no que se atopa a funcionaria:

- 243,10 € en concepto de 6 dietas e media de manutención.
- 395,82 € en concepto de 6 dietas de aloxamento.
- 450,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos A2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. Encomendar á funcionaria M N A, con nº de persoal 78436, a asistencia á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2021, que terá lugar en Xixón entre os días 9 e 14 de maio de 2021, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 9 de maio, anterior ás 8 horas e o regreso o día 14 de maio anterior ás 22 horas.
3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Xixón.
4. Autorizar os seguintes gastos: 638,92 € en concepto de 6 dietas e media de manutención e 6 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 “dietas de personal” e 450,00 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 “locomoción do persoal non directivo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(320).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FESTA DA CULTURA 2021. EXPTE. 3734/330.

Visto o informe xurídico do 26/03/21 e o informe de fiscalización do 14/04/21, dáse conta do informe-proposta do 10/03/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 15 de xaneiro do 2021, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da Festa da Cultura 2021; por este motivo, con data 18 de xaneiro do 2021, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

A Festa da Cultura 2021 realizarase o días 3 e 4 de setembro do 2021 na Praza de Compostela.

O emprazamento acadou o informe do Departamento de Seguridade e Mobilidade do 26.02.2021.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.115 € (vinteún mil cento quince euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 11.115,00 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo o día 10.03.2021

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para a organización da Festa da Cultura 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de su-

bvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2021, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” ten como obxecto financiar a organización da Festa da Cultura 2021, figurando na aplicación **3340.480.00.11** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral e informe favorable do Departamento de Seguridade do 26.02.2021, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000 € (dez mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF. G-36791291, para o financiamento da Festa da Cultura 2021 ; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 "CONVENIO AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da Festa da Cultura 2021

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "FESTA DA CULTURA 2021"

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D^a. M^a Concepción Álvarez Abalde, DNI 36.007.968-L, como presidenta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI S DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI S DE VIGO**", como medio que é de promover as actividades lúdicas na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.11, como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI S, FESTA DA CULTURA** a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI S DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a Festa da Cultura 2021, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.



Concello de Vigo

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.115 € (vinteún mil cento quince euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 11.115,00 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A Festa da Cultura 2021 realizarase o días 3 e 4 de setembro do 2021 na Praza de Compostela.

Os grupos que amenizarán a festa con representacións musicais e de baile son os seguintes:

1. Grupo Folclórico "Asubío"
2. Grupo Folclórico "Andarela"
3. Centro Cultural "Helios de Bembrive"
4. Centro Cultural "Cotogrande de Cabral"
5. Grupo Folclórico "Lembranzas Galegas"
6. Grupo Folclórico "Queixumes"
7. Grupo Danza do Mundo "Monteira"
8. Grupo Folclórico "Os Ventos de Comesaña"
9. Centro Cultural "Rueiro de Coia"
10. Centro Cultural de "Coruxo"
11. Centro Cultural de "Valladares"
12. Grupo Folclórico "Corisco"
13. Grupo Folclórico "O Fiadeiro"
14. Grupo Folclórico "Traspes"
15. Grupo de Gaitas "Vagalume"
16. Centro Cultural de "Beade"
17. Grupo Folclórico "Froles Novas"
18. Grupo de Gaitas da SC Pardavila
19. Grupo Folclórico "Airiños do Coto"
20. Centro Cultural "Atlantida de Matama"
21. Grupo Folclórico "Alalá"
22. Concertos de noite
23. Concertos de noite

Estas actuacións poden estar suxeitas a modificacións en función das medidas establecidas polas autoridades sanitarias en cada momento derivadas da COVID.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Dona María Concepción Álvarez Abalde, presidente da entidade.

- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.**



Concello de Vigo

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- O Concello de Vigo comprométese a autorizar a ocupación temporal da vía pública para o desenvolvemento do evento "Festa da Cultura 2021", nos termos e condicións sinalados no informe do Servizo de Seguridade do 26.02.2021.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo,



Concello de Vigo

para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2021.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novem-

bro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2021 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.



Concello de Vigo

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2021, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

Escenario	3.640,00 €	
Toma Eléctrica	950,00 €	
Cartelería	900,00 €	
Servicios Preventivos	450,00 €	
Vigilancia Nocturna	850,00 €	
Actuaciones grupos	7.500,00 €	
Catering grupos	1.850,00 €	
Equipo de traballo	2.150,00 €	
Reportaxe fotográfico	1.075,00 €	
Publicidade	800,00 €	
Agasallos grupos participantes	300,00 €	
Valados	650,00 €	
	TOTAL:	21.115,00€
Importe para el que se solicita subvención		10.000,00€
Importe asumido por la Agrupación de Centros Culturales		11.115,00€

22(321).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS CURROS-LAVADORES”. EXPTE. 708/441.

Visto o informe xurídico do 08/04/21 e o informe de fiscalización do 13/04/21, dáse conta do informe-proposta do 07/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.75 (“Human. Rúa dos Curros”).

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4056-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4056-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080491 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.
- J) Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 12 de marzo de 2021 asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.



Concello de Vigo

Terceiro.-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS CURROS – LAVADORES”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €)** e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 15.540,27 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.75 (“Human. Rúa dos Curros”)

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(322).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DAS FONTÁNS”. EXPTE. 707/441.

Visto o informe xurídico do 08/04/21 e o informe de fiscalización do 13/04/21, dáse conta do informe-proposta do 07/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 aplicación orzamentaria 1532.619.00.74 (“Human. Rúa das Fontáns”)

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4041-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. No devandito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4041-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 11.11.2020 e 12.11.2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12 de novembro de 2020.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- E) Certificado de crédito RC nº 202000080490 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 25 de novembro de 2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 24 de febreiro de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de marzo de 2021.



Concello de Vigo

- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.
- J) Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 12 de marzo de 2021 asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.12.2018) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DAS FONTÁNS**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €)** e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CINCUENTA E OITO MIL CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (58.056,47 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 10.075,92 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.74 (“Human. Rúa das Fontáns”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(323).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”. 3796/443.

Visto o informe de fiscalización do 14/04/21, dáse conta do informe-proposta do 13/04/21, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 21.02.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto mellora e acondicionamento do entorno do torreiro de San Andrés de Valladares a prol do Arquitecto Técnico Camilio Garrido Álvarez.

II.-Pola empresa STUCO, ESTUDIO Y COORDINACIÓN DE OBRAS, preséntase borrador de proxecto de “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”, redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez.



Concello de Vigo

III.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do equipo redactor do proxecto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 04.05.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola nunha praza do entorno da Igrexa con fronte a rúa Camiño da Igrexa 224, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

Previamente procederáse a o desmontase interior dos elementos que compoñen os aseos existentes, para a seguir proceder a demolición da estrutura tanto metálica como de formigón do palco existente.

Unha vez efectuada a demolición procederáse a explanación por medios mecánicos de zapatas e gabias para a formación de cimentación do novo palco, así como os correspondentes muros de contención para efectuar o recheo a base de zahorra ata elevar a cota correspondente o mencionado palco. De seguir procederáse a apertura de gabias, colocación de tubaxes de polipropileno reforzado formación de arquetas para a canalización de augas pluviais ata a conexión coa rede pública existente, nova nivelación de terreo e construción de canaletas perimetrais para canalización, así como remate de muro existente.

Unha vez nivelados e compactados os terreos que conforman o torreiro, procederáse a formación de pavimentos a base de soleiras de formigón armado, con acabados distintos segundo consta no documento de proxecto, así como o pavimento específico do palco, colocación de varandas de protección, nova instalación de sanitarios, previa a nova instalación e alicatado pavimentos e acabados interiores do local existente.

Acabados exteriores de elementos externos que conforman a praza a base de pinturas, táboas ranuradas, acabados de mamposterías segundo determinacións do proxecto.

Renovación de instalacións no cuarto de aseo e renovación de alumeado exterior, e acabados a base de subministro e colocación de mobiliario exterior formado por marquesiña, bancos, papeleiras, luminarias, cono acústico e ocultación de zona de R.S.U., entre outros.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 meses.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 14.06.2019, autorizando a intervención solicitada tal e como se recolle no informe da subcomisión mixta de data 9 de maio de 2019, por atoparse dita actuación dentro da zona da protección arquitectónica e de amortecemento do "Conxunto parroquial de Santo André de Valadares (A_169)", ben inmovible pertencente ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

V.- Por parte da empresa STUCO, ESTUDIO Y COORDINACIÓN DE OBRAS, preséntase proxecto de "MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)", redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (237.277,80 €) e data marzo de 2021.

No antedito proxecto, no seu epígrafe 3.2.5 da memoria, consta declaración responsable dos redactores, asinada en data 31.03.2021, indicando o seguinte:

“Que o proxecto “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DA IGREXA PARROQUIAL DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES, NO CONCELLO DE VIGO”, dende a recepción da resolución da DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL non ha sufrido cambios substanciais, e que non se alteran condición de deseño e características. Os cambios realizados no proxecto dende a resolución favorable da DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, son meramente relativos a aspectos e solución construtivas a executar.”

De maneira que o documento que agora se somete a aprobación municipal, cumpre integramente coa citada resolución e, responde así mesmo no esencial do seu deseño e características ao informado favorablemente pola Subcomisión de Conservación do Patrimonio Histórico, Artístico e Documental da Igrexa Católica en Galicia, órgano asesor da Consellería de Cultura e Turismo, en materia de patrimonio cultural, reunida en sesión ordinaria o día 9 de maio de 2019.

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 08.04.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

As obras propostas en canto ao aspecto urbanístico, atópanse dentro do ámbito de solo urbano, definido con ordenanza 3.1.A.a de parques e Xardíns, onde a actuación proposta, trata dunha mellora das instalacións existentes e non se altera o uso existente. Dispón ademais de autorización da Consellería de cultura de data 14/06/2019, a súa vez o proxecto proposto que dispón de algúns axustes, con respecto a que foi obxecto de informe e non altera as determinacións que fixou a consellería, como así tamén o describen os autores do proxecto no apartado 3.2.5 último parágrafo.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO TORREIRO DE SANTO ANDRÉ DE VALADARES (O ADRO)”, redactado polo Arquitecto Xosé Ramón Garrido Davila e polo Arquitecto Técnico Camilo Garrido Álvarez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (237.277,80 €), de data marzo de 2021 e sinatura dixital de datas 31 de marzo e 4 de abril de 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(324).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS". EXPTE. 738/441.

Visto o informe xurídico do 15/04/21 e o informe de fiscalización do 19/04/21, dáse conta do informe-proposta do 12/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- Con data 8 de xullo de 2015, procedeuse á sinatura do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS.

O citado convenio foi aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial en data 19 de xuño de 2015, e a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 8 de xullo de 2015.

2º.- Con data 27 de setembro de 2017, ambas institucións asinan unha addenda ao citado convenio, na que entre outras actuacións, se contempla o financiamento conxunto para a redacción dos proxectos Básico e de Execución para a remodelación das gradas de Gol e de Marcador, así como a adecuación da contorna, o cal deberá contemplar todas as consideracións técnicas, regulamentarias e legais precisas, e contarán con expresa xustificación técnica das solucións adoptadas. Na mesma establécese que corresponde ao Concello de Vigo a obriga da tramitación dos correspondentes expedientes de contratación.

3º.- Co obxecto de levar a cabo ditas actuacións, a Xunta de Goberno Local Local, en sesión de data 3 de maio de 2018, acordou adxudicar a Pedro de la Puente Crespo, o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos das obras das novas gradas de Gol e Marcador do Estadio municipal de Balaídos e dun aparcamento soterrado (Expte. 5036-440).

4º.- Para dar execución as previsións do convenio e da primeira addenda ao mesmo, a Comisión Paritaria de Seguimento en base aos antecedentes de feito que se recollen na acta da súa reunión de 12 de abril de 2019, propón a sinatura dunha segunda addenda entre a Administración Provincial e a Municipal para a adecuación financeira e fixación de anualidades no financiamento das obras da nova Grada de Marcador, a cal é asinada por ambas institucións en data 24 de maio de 2019.

5º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 12.02.20, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 17 e 18 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27.02.2020, aprobou o proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 euros) e data decembro de 2019.

6º.- En data 09.07.2020 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de



Concello de Vigo

contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS", sendo adxudicado o mesmo en data 05.11.2020.

7º.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 15 e 16 de decembro de 2020, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal en data 16.12.2020, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación

8º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en datas 15 e 16 de decembro de 2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 16.12.2020.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.01.2021.
- d) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28.01.2021.
- e) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 02.03.2021.
- f) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 03.03.2021.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 03.03.2021.
- h) Dilixencia rectificativa da memoria económica e xustificativa, asinada en data 06.04.2021.
- i) Certificados de crédito RC nº 202100008152 e RC/FUT nº 202100036154 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- j) Memoria económica y xustificativa refundida para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 09.04.2021.
- k) Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12.04.2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP, os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das **TAREFAS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓS".**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 25.01.2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contrata en data 12.04.2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **"TRESCENTOS DOUS MIL CINCOCENTOS CORENTA E OITO EUROS con CORENTA CÉNTIMOS" (302.548,40 €)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 52.508,40 €**.



Concello de Vigo

Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 (INVESTIMENTOS MELLORA E.M.BALAIOS), de acordo coas seguintes anualidades:

2021	114.000,00 €
2022	158.293,56 €
2023	30.254,84 €
TOTAL	302.548,40 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecida unha modificación dos porcentaxes previstos respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 138,85%, e para a terceira anualidade nun 26,54%.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(325).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”. EXPTE. 4713/443.

Visto o informe de fiscalización do 19/04/21, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 13.05.2019, resolveu autorizar o gasto e o contrato para a redacción do proxecto de humanización da Praza Francisco Fernández del Riego a favor de Leopoldo Salceda Alvite.

II.- O Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DOCE MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON UN CÉNTIMOS (2.312.119,01 €).

III.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do redactor do proxecto, o

Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 16.06.2020, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- O presente proxecto comprende as obras de humanización da Praza Francisco Fernández del Riego.

- A intervención que se pretende acometer ten como concepto converter este ámbito en nexos de unión entre O Castro, Gran Vía, Praza España e Calle Venezuela, todo elo apoiado por dúas pérgolas que servirán de espazos de luz e sombra con áreas de descanso para os usuarios. Ditas estruturas albergarán un espazo sostible con zonas verdes, incorporación del actual vial norte e sur como zona peonil ampliando a súa superficie en máis dun 30% e un aumento das zonas verdes.
- Preténdese un entorno sostible acorde cos estándares de criterio e deseño actuais. É por iso que se porán 100 paneis solares colocados sobre as pérgolas que dotarán a praza de enerxía eléctrica fotovoltaica para as instalacións que se proxectan así como pra a iluminación.
- Ademais contéplase a unha nova pavimentación da praza. E a renovación das redes de saneamento, de abastecemento de auga, de alumeadado público, electricidade, comunicacións e da rede de gas. Así como a colocación de novo mobiliario urbán.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) meses.

IV.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 16.04.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A Praza Francisco Fernández del Riego, no tramo obxecto do presente proxecto, está indicada como solo urbano consolidado no planeamento actualmente vixente do concello de Vigo (PXOU 93) e cumpre os requisitos para considerarse incluída en dita clasificación (existencia de zonas reservadas ao tráfico peonil, firmes adecuados, existencia de servizos de abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais, electrificación, gas e telecomunicacións).

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Xa que a contía do proxecto é superior a 500.000,00 euros, polo tanto, este informe ten carácter preceptivo. Art. 235 da lei 9/2017.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “**HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**”, redactado polo Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS DOCE MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON UN CÉNTIMOS (2.312.119,01 €), de data abril de 2021 e sinatura dixital de 16 de abril de 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(326).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE TURISMO, DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DO ANO 2021. EXPTE. 7879/104.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Turismo e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2021, a Concelleira-Delegada Da Área de Turismo e Xuventude, M^a Carmen Lago Barreiro, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Turismo, funcional 4320, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do ano 2021, que se relacionan deseguido:

7812-104 CM Servizo para a contratación do servizo de mensaxería 4320.2230000	RCM 6001 ADM 7358	2.420,00 €	REPARTO Y GESTION URGENTE S.L. B36821494	11 MESES
7822-104 CM Subministro para suscripción ó diario Faro de Vigo 4320.2200100	RCM 3945 ADM 6182	760,00 €	FARO DE VIGO S.A.U A36600815	1 ANO
7823-104 (N) CM Subministrados para suscripción ó diario La Voz de Galicia 4320.2200100	RCM 3946 ADM 6260	830,00 €	LA VOZ DE GALICIA S.A. A15000649	1 ANO
7824-104 (N) CM Subministrados para suscripción ó Atlántico Diario 4320.2200100	RCM 3948 ADM 6120	572,32 €	RIAS BAIXAS COMUNICACIÓN S.A. A36643674	1 ANO
7825-104 CM Servizo para contratación da elaboración da ruta guiada turística polo cemiterio de Pereiró adaptado á APP 4320.2279900	RCM 3769 ADM 4399	6.969,60 €	AGUIAS DE VIGO S.L. B27814359	2 MESES
7828-104 CM Servizo para promoción turística da cidade na Web, blog e redes sociais do salón do automóbil e retro auto-moto orientado ao mercado MICE 4320.2260200	RCM 10598 ADM 12236	6.655,00 €	EVENTOS DEL MOTOR S.L. B36837516	4 MESES E 15 DÍAS
7830-104 CM Servizo para a elaboración da candidatura de Vigo no marzo do programa "Plan de sostenibi-	RCM 7507 ADM 8139	11.797,50 €	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. A36196418	11 MESES



Concello de Vigo

lidad en destinos 2021” 4320.2279906				
7837-104 CM Servizo de inserción publicitaria para a promoción da cidade na revista Conxemar 4320.2260200	RCM 10300 ADM 10511	2.937,29 €	CONXEMAR G36636819	10 MESES
7843-104 CM Servizos para a contratación de servizos para actualización da Web de Turismo ás novas versións dixitais de seguridade e a programación para o correcto funcionamento da APP de estadísticas turísticas en conexión coa Web de Turismo 4320.2279904	RCM 10599 ADM 12239	18.059,25 €	BALIDEA CONSULTING&PROGRAMMING S.L B15850647	10 MESES
7844-104 CM Servizos para a elaboración de informes de valoración económica da promoción turística en distintos eventos 4320.2270602	RCM 10384 ADM 10602	7.260,00 €	GUILLERMO JANEIRO ALFAGEME 36150918R	10 MESES
7850-104 Contrato privado de patrocinio publicitario para a emisión do programa nacional “Hoy por Hoy” organizado por Radio Vigo Cadena Ser, que terá lugar en Vigo o 12 de marzo de 2021 4320.2279904	RCM 12127 ADM 13050	18.137,90 €	RADIO VIGO S.A A36612414	15 DIAS
7851-104 Contrato privado de patrocinio publicitario para a emisión do programa especial “Gente Viajera Concello de Vigo” organizado por Onda Cero o 21 de marzo de 2021 4320.2279904	RCM 14277 ADM 32173	15.125,00 €	UNIPREX S.A.U A28782936	15 DIAS
7852-104 CM Servizos para a promoción turística da cidade de Vigo e da Web de Turismo en planos da cidade 4320.2260200	RCM 13020 ADM 14269	2.420,00 €	CORPORACIÓN DE COMUNICACIONES S.L B36700201	9 MESES
7853-104 CM Servizos para inserción publicitaria de promoción turística	RCM 13357 ADM 14047	2.891,90 €	SERVICIOS INDUSTRIALES PESQUEROS S.A A36602647	9 MESES

da cidade na revista Industrias Pesqueras 4320.2260200				
7857-104 CM Servizos para inserción publicitaria para a promoción da cidade na revista Global Industry de ASIME 4320.2260200	RCM 13949 ADM 22880	3.176,25 €	ATELIER GRÁFICA VISUAL S.L B70142179	9 MESES
7858-104 CM Servizos para a promoción turística da cidade a través de insercións publicitarias na Guía Go! 4320.2260200	RCM 24098 ADM 22258	5.445,00 €	GRUPO GO! EDICIONES S.L B09437476	10 MESES

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

28(327).- PRÓRROGA DO CONTRATO MODIFICADO DO LOTE 10 “CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO” DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE, 9198/336.

Visto o informe xurídico do 12/04/21 e o informe de fiscalización do 15/04/21, dáse conta do informe-proposta do 05/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Area e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do **28 de febreiro de 2019** a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.

Segundo.- O **16 de maio de 2019** a Xunta de Goberno local acordou:

“[...] Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

Terceiro.- A Xunta de goberno Local en sesión de **29 de maio de 2020** acordou **modificar** o contrato do lote 10 para realizar os reaxustes que permitan o desenvolvemento da actividade de campamentos ante as medidas derivadas da crise sanitaria da pandemia do COVID19 nos termos que constan no informe da Xefa do servizo de xuventude de 20 de



Concello de Vigo

maio de 2020 e que supón unha diminución do importe total do contrato de 2.044,33 euros (IVE incluído).

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **5 de xuño de 2020**, adoptou acordar a **primeira prórroga** do contrato modificado do Lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019. (Expte. 9078-336)

Quinto.- En consecuencia o **CAMPAMENTO “VERÁN EN VIGOZOO 2020”** organizouse do seguinte xeito:

1. “Estrutura: 4 quendas de en xornada de mañá de 7:45 a 15:30 h, cun Incremento de 25 días de campamento (10 días por quenda).
Quenda 1: 29 xuño – 10 xullo.
Quenda 2: 13 xullo – 24 xullo.
Quenda 3: 27 xullo – 7 agosto.
Quenda 4: 10 agosto – 21 agosto.
Horario: de 7:45 a 15:15 cada día.
2. Número de participantes: 52 x 4 quendas = 208.
3. Medios persoais: o 1 Director de tempo libre o 5 monitores/as de tempo libre (xornada completa), dos cales 1 con especialización medioambiental o 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada) o Cambio: 1 vixilante de atención nocturna por 1 monitor/ra de tempo libre (media xornada). A xustificación ven dada por completar a xornada e reforzar as necesidades preventivas de participantes.
4. Servizo de manutención para todo o campamento: suprimir. Non é recomendado nin viable a súa prestación
5. Saída en autobús: suprimir para evitar riscos por non poderse manter o distanciamento.

- O orzamento do proxecto adaptada á nova organización resúmese en:

a) Prezo total: 31.775,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.177,21 euros, o que supón un prezo total do lote de 34.952,73 euros.

b) Táboa salarial aplicada por categorías profesionais: manter a orixinal, que fai referencia a unha xornada de tempo completo sen pluses de horas extras nin de nocturnidade. o Coordinador proxecto (Director Tempo Libre): 1.445,41 o Técnico/a especialista: 1.391,87 o Monitorado de Tempo Libre: 1.124,21.

c) Desenglobe do orzamento:

o Equipamento (mantense)	2.190,00
o Persoal	24.699,37
o Gastos de material (reforzo material funxible para desinfección de materiais, adquisición de xel hidroalcolico +600,00).....	1.800,00
o Servizo de manutención (suprimido: -12.924,00).....	0,00
o Servizo de desprazamento (suprimido: -600,00).....	0,00
o Gastos de xestión (ampliación seguro accid. e gorras: +531).....	2.007,00
o Beneficio empresarial (mantense).....	1.078,84

SUBTOTAL sen IVE	31.775,21
-10% IVE	3.177,52
-TOTAL.....	34.952,73
- DIFERENCIA COA LICITACIÓN (36.997,06€).....	.-2.044,33 €”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Segundo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de continuar executando o contrato por segundo ano para a prestación dos servizos para o **“Campamento Vigozoo”** para o ano **2021:**

- Atendendo as modificacións necesarias das súas características ante a continuidade da obrigatoriedade de adaptalas do mesmo xeito que durante o verán de 2020, pola continuidade das medidas de prevención da situación da pandemia Covid-19 (Decreto 31/2021 e Ordes do 25 febreiro de 2021, da Consellería de Sanidade).

- Toda vez que os traballos durante a primeira prórroga desenvolvéronse satisfactoriamente pola adxudicataria e tamén, por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as con idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos de idade

- **Resulta procedente a segunda prórroga do mesmo**, de conformidade co art. 29 LCSP, nas mesmas condicións e características aprobadas durante a primeira prórroga do ano 2020 e expostas nos antecedentes do presente informe proposta e nos referidos expedientes (6480-241 e 9078-336).

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo:**

“PRIMEIRO.- Prorrogar por segundo ano o contrato modificado correspondente ao lote 10 “Campamento en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán para o ano 2021 (8.752-336) por un importe total: 31.775,21 euros, sendo a cota correspondente ao IVE a de 3.177,21 euros, o



Concello de Vigo

que supón un prezo total do lote de 34.952,73 euros adxudicado a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente á segunda prórroga do contrato modificado correspondente ao Lote 10 (6480-241) e (9078-336), por un importe de 34.952,73 euros con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(328).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN DOS LOTES 4,5,6,7 E 9 NO ANO 2021. EXPTE. 9197/336.

Visto o informe xurídico do 12/04/21 e o informe de fiscalización do 15/04/21, dáse conta do informe-proposta do 07/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Area e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 16 de maio de 2019 acordou:**

1.- Adxudicar á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA o lote 6 Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.
- b) Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

2.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o lote 7 “Verán con temáticas artísticas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.
- b) Propón a realización de 3 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 4 persoas con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

3- Adxudicar a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. o lote 9 “ Verán en inglés” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.
- b) Propón a realización de 2 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 23 de maio de 2019** acordou:

1.- “Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

Lote 4 Verán na praia I:

a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

Lote 5 Verán na praia II:

a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

Terceiro.- Con data **14/06/2019** foi asinado o contrato con UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA para o lote 6.

Cuarto.- Con data **27/06/2019** foi asinado o contrato con BARAFUNDA, S.L. para o lote 7.

Quinto.- Con data **28/06/2019** foron asinados os contratos con DANIELA ALVITE WAISMAN, para os lotes 4 e 5.

Sexto.- Con data **12/06/2019** foi asinado o contrato con MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para o lote 9.

Sétimo.- Con data **28 de maio de 2020** a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar a primeira prórroga para a contratación dos Lotes 4,5,6,7 e 9 e o correspondente gasto total de 83.226,54€ con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Segundo.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de continuar prestado os servizos derivados dos contratos correspondentes aos Lotes 4,5,6,7 e 9 , para a prestación de servizos de campamentos de verán para o ano 2021 (expediente 8752-336) unha vez rematado o segundo ano de contrato toda vez que os traballos desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias, e por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as de idades comprendidas entre os 4 e 17 anos, procede, de conformidade co art. 29 LCSP, a prórroga dos mesmos nas mesmas condicións en que foron adxudicados de:

- **Lote 4** Verán na Praia I, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.
- **Lote 5** Verán na Praia II, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00
- **Lote 6** “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais”, adxudicado a UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA por un prezo total do lote de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.
- **Lote 7** “Verán con temáticas artísticas” adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.
- **Lote 9** “Verán en inglés”, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.-” Prorrogar coas mesmas características e duración, para o ano 2021 os contratos de:

- **Lote 4 “Verán na Praia I”**, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

- **Lote 5 “Verán na Praia II”**, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00
- **Lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais”**, adxudicado a UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA por un prezo total do lote de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.
- **Lote 7 “Verán con temáticas artísticas”** adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.
- **Lote 9 “Verán en inglés”**, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente ao Lote 4 “Verán na Praia I”, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente ao Lote 5 “Verán na Praia II”, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00.

CUARTO.- Aprobar o gasto correspondente ao Lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais” adxudicado á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA, por importe de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.

QUINTO.- Aprobar o gasto correspondente ao Lote 7 “Verán con temáticas artísticas” adxudicado a BARAFUNDA, S.L por un prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.

SEXTO.- Aprobar o gasto correspondente ao Lote 9 “Verán en inglés”, adxudicado a MR. PICWICK SCHOOL, S.L, por un prezo de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.

SÉTIMO.- Aprobar o gasto total de 83.226,54 € correspondente á prórroga dos contratos de Campamentos de Verán, para o ano 2021 dos lotes 4,5,6,7,9 con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación.

OITAVO.- Notificar o presente acordo ás adxudicatarias e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2021-World Padel Tour” na cidade de Vigo.Expte. 20455/333.
- .- Expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para o servizo da Policía Local. Expte. 68047/212.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

30(329).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2021-WORLD PADEL TOUR” NA CIDADE DE VIGO.EXPTE. 20455/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 21/04/21 e o informe de fiscalización do 22/04/21, dáse conta do informe-proposta de data 21/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e

o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo. A celebración do Proxecto de promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2021-World Pádel Tour”, converterá a cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do pádel no ámbito internacional, máis de 300 deportistas do máis alto nivel internacional, tendo en conta ademais cunha elevada participación feminina e a repercusión sobre os máis de 5 millóns de practicantes en España xeran máis de 1,7M seguidores en redes sociais, e partidos en directo en televisión e en streaming convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do pádel.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, Gol Tv, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de YouTube, cunha estimación de 2,4M de visualizacións en directo e á carta, 4,2M de visualizacións en total en Youtube, 1,7M de seguidores en RRSS ou unha audiencia acumulada de 184 mil espectadores en GOL TV, superando en subscritores a outras competicións de ámbito internacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade moi arraigada na comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que na actualidade existe unha gran afección a este deporte.



Concello de Vigo

4.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Investimento
•Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2021-World Pádel Tour”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará na cidade de Vigo.

5.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Investimento
Vigo Open 2021-World Pádel Tour
Obxecto da actuación:
Desenvolver o Proxecto de promoción deportiva de pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2021-World Padel Tour”, coa participación de máis de 300 participantes do ámbito internacional, que se disputará en Vigo
Alcance económico da actuación:
110.000,00 €

6.- En data 20.04.21 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

7.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do interese de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigos 86 da Lei 39/2018, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) econtemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance,

efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47..2^a) da LRXSP en tanto que a Deputación de Pontevedra é o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na promoción deportiva de Padel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2021-World Padel Tour”, que se disputará entre o 09 e o 16 de maio de 2021 en Vigo, cun orzamento previsto de 482.357,00 €.

Concretamente o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe aos municipios competencias propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Respecto a Deputación o artigo 36 da LRBRL determina como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. E o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

O convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Que o Concello de Vigonon está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.



Concello de Vigo

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación comprométese a achega de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para a execución do citado proxecto de promoción deportiva durante o evento deportivo na edición do 2021. Pola súa parte, o Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel durante o citado evento deportivo con cargo a partida orzamentaria 3410.2279901.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para aprobación do acordo en virtude da delegación de facultades outorgada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 modificada por Resolución de data 17.08. 2020 en materia de aprobación dos convenios con outras Administracións. a seguinte, **PROPOSTA:**

Primeiro.- Prestar aprobación ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “VIGO OPEN 2021-WORLD PADEL TOUR”, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento Pádel a través da organización do evento deportivo “Vigo Open 2021-World Pádel Tour”, que se disputará na cidade de Vigo.

Terceiro. Tras a firma do presente convenio procederáse a tramitación administrativa conducente ó cumprimento dos termos do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DEPORTIVA DO PADEL A TRAVÉS DO EVENTO DEPORTIVO “VIGO OPEN 2021 - WORLD PADEL TOUR” NA CIDADE DE VIGO

No Pazo Provincial, _____ de _____ de 2021

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. José Manuel Fernández Pérez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Concelleiro de deportes, en virtude das facultades delegadas por resolución de Alcaldía de data 26/06/2019.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra e Dña. Susana Gallardo Fariña en calidade de secretaria de administración municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2019.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, deciden potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador e a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e do seu entorno, posibilitando a consolidación de importantes eventos deportivos no Concello de Vigo.



Concello de Vigo

III.- Que o artigo 36.1.d) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións a competencia na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia encoméndalles en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e por outro lado, a lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, nos seus artigos 7.1 e 7.6 especifica que as deputacións provinciais exercerán no seu correspondente ámbito territorial as competencias de fomento, promoción e difusión do deporte así como calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

IV.- Que, atendendo ó disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, a Lei 3/2012, de de 2 de abril, do deporte de Galicia, sinala no artigo 8.1 entre as competencias dos municipios en materia deportiva, a de fomentar, promover e difundir o deporte.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2021, contempla unha aplicación orzamentaria para convenios co Concello de Vigo.

VII.- Que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra consideran que o proxecto do “VIGO OPEN 2021 - WORLD PÁDEL TOUR” é unha oportunidade única de fomento do deporte do pádel e de promoción turística da Cidade de Vigo, e das Rías Baixas en xeral, xa que o citado evento deportivo desenvolverá unha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade de Vigo, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar do evento como parte do Circuito Internacional World Pádel Tour, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a difusión en redes sociais, cun seguimento de 1,7M de seguidores en RRSS, e o propio acontecemento, que se celebra ó longo de 6 días nos que se xogan tanto a fase previa como as finais do torneo.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais que fai deste evento deportivo unha boa oportunidade de promoción da cidade acolledora do evento deportivo e do deporte en si mesmo. Esta difusión farase a través da dinamización da prensa escrita, GOL TV, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a dinamización a través dunha canle de YouTube, con 4,2M de visualizacións totais, superando en subscritores a outras competicións de ámbito internacional.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e, en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contemplan como obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción do deporte e a posta en valor dos recursos turísticos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo “VIGO OPEN 2021 - WORLD PÁDEL TOUR”, na cidade de Vigo, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ós seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel a través do evento deportivo “VIGO OPEN 2021 - WORLD PÁDEL TOUR”, que se disputará na cidade de Vigo e que ten a finalidade de promocionar a práctica deportiva do pádel e a promoción turística da cidade de Vigo.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ó que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva do pádel e de promoción da cidade de Vigo, durante a celebración do “VIGO OPEN 2021- WORLD PÁDEL TOUR”. Este proxecto de promoción deportiva conta cun orzamento total de CATROCENTOS OITENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS (482.357,00 €).

1º.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para a execución do citado proxecto de promoción deportiva durante o evento deportivo na edición do 2021.

A achega da Deputación de Pontevedra realizarase contra a aplicación 2021/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concelllos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2º.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €) para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do pádel durante o citado evento deportivo.

O pago realizarase contra a aplicación 3410.2279901 do orzamento do Concello de Vigo.

As aportacións comprometidas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo consisten nunha contías fixas máximas, no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:



Concello de Vigo

ACTUACIÓN	ACHEGA
Deputación de Pontevedra – Anualidade 2021	55.000,00 €
Concello de Vigo – Anualidade 2021	55.000,00 €
TOTAL	110.000,00 €

2º.- O Concello facilitará os documentos administrativos tramitados para a contratación do patrocinio para o seu coñecemento, que poderán ser sometidos á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

3º.- Formalizado o patrocinio, remitirase unha copia á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ó órgano de contratación e ós responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

5º.- A Administración municipal remitirá á provincial as sucesivas facturas polas accións de patrocinio que expida a empresa adxudicataria, xunto coa certificación da súa aprobación polo órgano correspondente. A cantidade correspondente a cada factura será reembolsada ó Concello de Vigo pola Administración provincial mediante transferencia bancaria, que será librada logo da fiscalización pola Intervención provincial das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria, e na parte proporcional do financiamento. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- Memoria da actividade que se realizou e dos resultados obtidos debidamente asinada.
- Informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello.
- Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.
- Declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio.
- Declaración responsable de que os ingresos obtidos e das subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.
- Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade.
- Certificación de pagamento a favor do adxudicatario do contrato de proxecto de promoción deportiva, asinado polo Tesoureiro do Concello de Vigo.

- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

O Concello de Vigo presentará a documentación xustificativa no prazo de tres meses, como máximo, desde a finalización do prazo para a realización da actividade. Non obstante, o Concello de Vigo poderá facer xustificacións parciais segundo se vaian executando cada unha das actuacións obxecto do contrato de promoción deportiva.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Levar a cabo a tramitación administrativa vinculada co contrato de patrocinio do evento "VIGO OPEN 2021 - WORLD PADEL TOUR".
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dirixir, executar e controlar o cumprimento dos termos do patrocinio.
- Remitir, unha vez formalizado, unha copia do contrato de promoción deportiva do pádel á Deputación Provincial.
- Xustificar perante a Deputación as accións de patrocinio executadas mediante a presentación das correspondentes facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a prestación dos servizos obxecto do mesmo levouse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ó cumprimento das obrigas contidas na normativa reguladora en materia de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:



Concello de Vigo

- Achegar a contía derivada do presente convenio, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.

O pagamento das diferentes prestacións obxecto do convenio realizarase de acordo co establecido no pacto terceiro (“Execución do Convenio”).

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción deportiva do VIGO OPEN 2021 - WORLD PÁDEL TOUR incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do convenio que terá por obxectivo procurar atraer a turistas de diferentes perfiles e segmentos á cidade de Vigo, así como o fomento do deporte do pádel, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ó efecto as instrucións oportunas
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ó seu responsable e ó seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións ós que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2021, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata dita data.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.



Concello de Vigo

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ó responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento do contrato por parte da empresa adxudicataria.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público: a Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data sinalada no seu encabezamento.

31(330).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE 17 VEHÍCULOS PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 68047/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 20/04/21 e informe de fiscalización do 21/04/21, dáse conta do informe-proposta de data 21/04/21, asinado polo intendente xefe da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 11 de febreiro de 2020 a Concelleira delegada de Seguridade, ordena a incoación dun expediente de contratación (68047-212) para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para a Policía Local, por un período de 4 anos.

2.- O expediente de contratación está formado polos seguintes documentos:

- 2.1 Informe de necesidade e idoneidade (10/02/20)
- 2.2 Orde de iniciación do expediente (11/02/20)
- 2.3 Memoria económica (19/04/21).
- 2.4 Certificado da existencia de crédito adecuado e suficiente (**orzamento base de licitación 1.296.133,49 € (324.033,37 €/ano)**). (29/03/21).
- 2.5 Prego de Prescripcíons Técnicas (30/03/21)
- 2.6 Declaración redactor Prego de Prescripcíons Técnicas (13/04/21).
- 2.7 Memoria Xustificativa (14/04/21).
- 2.8 Informe do Servizo de Contratación (20/04/21).
- 2.9 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (20/04/21).
- 2.10 Informe xurídico (15/04/21 e 20/04/21)
- 2.11 Informe Intervención (16/04/21 e 21/04/21)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- En canto ao inicio e tramitación do expediente, arts. 116 e concordantes, e disposicións adicionais segunda e terceira todos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO.- En canto á competencia para iniciar o expediente, Texto Consolidado de delegacións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros de Área, de 05/11/20.

TERCEIRO.- En canto á aprobación do expediente, D.A. 2a da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- No expediente consta a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da Policía Local).

En mérito de canto antecede, previo informe da Asesoría Xurídica e posterior fiscalización da Intervención Xeral, vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para o servizo da Policía Local (expte 68047-212), cos seus pregos de Prescripcíon Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares, cunha duración de 4 anos (2021/2025).

2º.- Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 1.296.133.49 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local).



Concello de Vigo

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación aberto, de tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(331).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez